


O BESBELLO SALTÓN



Luís Seoane

DÍA DAS ARTES GALEGAS

IES Alexandre Bóveda

Xuño 2019

Vigo

na pintura, é preciso abri-los ollos antes de abri-la boca



LIMIAR

Aquí estamos outra vez. Coas urxencias de fin de curso teimamos por non esmorecer e, coma ave fénix, rexurdimos das nosas cinzas para dar un berro de liberdade de expresión e liberdade creativa.

A nosa revista, O BESBELLO SALTÓN, debe ser, ante todo, o órgano de expresión de toda a comunidade educativa do noso centro. Con certeza, o alumnado debe ser protagonista da súa elaboración e desenvolvemento, mais os diferentes departamentos teñen que pular para melloralala.

O BESBELLO SALTÓN ten que incluír temas para o debate, creación literaria e diferentes textos que nos acheguen a novas realidades e así comprendermos mellor o noso mundo e sabermos cales son as arelas da nosa xuventude.

Sexa como for, este número correspondente a 2019 tenta amosar, sobre todo, a vitalidade do noso alumnado e o seu compromiso arredor de certos temas de actualidade. Tamén hai artigos académicos, propios do traballo de aula, e moita, moita creación literaria.

Desde a redacción d' O BESBELLO SALTÓN esperamos que che guste a revista e ficaremos á espreita da túa colaboración nos vindeiros números.

DIXIT.

CONTIDOS

INFORME MONARQUÍA	Marina Vázquez Carballo (4ºESO D)	5
FASCISMO	Catalina Calviño Fernández (3º ESO D)	8
ESTA É A MIÑA HISTORIA	Bárbara Alejandra García Pérez (3º ESO A)	9
O SURF	Dora Céspedes (1º ESO B)	11
UN NOVO INSTITUTO	Ana Calaza (3º ESO, ex-alumna)	12
ADOLESCENCIA E CONFLITIVIDADE	Alejandra Álvarez Molíns (2º BAC C)	13
A LOITA POLA VISIBILIDADE	Nuria Cancelas Viéitez (3ºESO B)	14
CONTRA A HOMOFOBIA		18
KATHERINE JOHNSON	Departamento de Matemáticas	19
MARGARET SANGER	Lola Gómez Vázquez e Lucía Varela Rodríguez (4º ESO D)	24
LUPITA HARD	Aroa Pombo González (3ºESO D)	25
QUEN É VALENTINA TERESHKOVA?	Tania León e Laura Lupicki (4º ESO D)	26
ANTONIO FRAGUAS	Departamento de Galego	27
FESTA DAS EIROÁS	Saúl Álvarez Fernández (1º ESO A)	28
VIDEOXOGOS <i>INDIES</i> , UNHA ARTE DO SÉCULO XXI	Departamento de Tecnoloxía	29
“+1: SUBE DE NIVEL”	Departamento de Tecnoloxía	30
<i>TEIMA</i> . UNHA REVISTA PARA UN PAÍS	Lorena Fernández, María Fariñas, Lucía de la Iglesia, Sara Faro (2º BAC E)	31
CONTEXTO HISTÓRICO DA REVISTA <i>TEIMA</i>	Sara Faro Lubiáns e Isolda Comesaña Alcaraz (2º BAC E)	36
BANDA DESEÑADA	Marcos Fraguero Rodríguez (3º ESO C)	38
BANDA DESEÑADA	Raquel Gabián Cal (3º ESO A)	39
BANDA DESEÑADA	Uxía Alonso Villar (3º ESO C)	40
SEM CRISTO	Isolda Comesaña Alcaraz (2º BAC E)	41
CAERÁS COMIGO	Jimena López Blanco (1º ESO A)	43
sous les pavés, la plage	Susana Villaverde (1º BAC E)	45
POLA TÚA CULPA...	Elsa Bascoy Lopez (3º ESO C)	46
NON PODE SER	Elsa Lupicki (1º ESO E)	47
RAPOSOS	Isolda Comesaña Alcaraz (2º BAC E)	48
<i>SE O NOSO AMOR E OS PEIXES SAR ARRIBA ANDASEN</i>	Aitana Veloso Quiñoy (2º BAC E)	49
MEMORIAS DUN NENO LABREGO	Martín Vicente Fábregas (2º BAC E)	52
PESADELO	Ana Lomba Rodríguez (2º ESO D)	53
CALIGRAMA	Enma García Dopazo (2º ESO)	54
A PORTA DO ATLÁNTICO	Marta Vázquez Sobrado (2º ESO D)	55
PRIMEIRA LEMBRANZA	María Rodríguez Gabeiras (2ºBach D)	56
PRIMEIRA LEMBRANZA	Uxía González Campos (1º ESO E)	57
ASÍ É XURXO	Aroa Pombo González (3ºESO D)	58
EU NON FUN	Aloia Yí Álvarez Paradela (3º ESO A)	59
POEMA DO ODIO	Gabriel Vázquez Alonso (1º ESO B)	62
CENSURA DA XUNTA NO ENSINO PÚBLICO?	Redacción	63
POEMA DO ODIO	Alumnas do IES Punta Candieira (Cedeira)	64
O ALUMNADO DEBE NAMORARSE... DOS LIBROS	Sarela Meana Castro (2º BAC C)	65
UNHA TARDE DE PETANCA	Adrián Vilar, Dora Céspedes, Laura pozuelo, Sara López (1º ESO B)	66
TEST DE XUBILACIÓN	Iago Feijóo e Carla Freiría (3º ESO A)	67
LUÍS SEOANE: ARTISTA TOTAL	Redacción	69
MULLERES NA HISTORIA. LISTAXE DA EXPOSICIÓN	Departamento de Filosofía	72
ENCHENTA GALEGA		73
LATEXO	Fonso Piñeiro	74

INFORME MONARQUÍA


Marina Vázquez Carballo (4ºESO D)

Países coma Mónaco, Tailandia, Noruega, Suecia e España entre outros, teñen unha monarquía vixente no século XXI.

O termo monarquía vén do grego e significa **gobierno dun só**. É a forma política na que o poder supremo do Estado se concentra na vontade dunha persoa. A súa lexitimidade baséase na idea dun dereito divino sobrenatural, é dicir, Deus ou os deuses escollen o rei e este só é responsábel perante el ou eles. E a pesar de que actualmente os Estados son aconfesionais, algunhas monarquías seguen a estar vinculadas a unha determinada relixión, por exemplo España ao catolicismo, o Reino Unido ao protestantismo, etc. O concepto de monarquía evolucionou adquirindo, no século XIX en Europa, o carácter de constitucional e parlamentaria, así o poder legislativo pasa ao parlamento e, polo tanto, **o rei reina, porén non goberna**. Outro punto a destacar da monarquía é o seu carácter vitalicio ao que se accede por dereito e de forma hereditaria.

Moita xente considera que a monarquía é un sistema de goberno ideal aludindo a razóns discutíbeis coma as seguintes: representa a pluralidade e a constante renovación no marco dunha continuidade e permite a independencia das tendencias políticas dos diversos partidos políticos. Resumindo, consideran que sen ser un sistema perfecto é o mellor posíbel.

Outro tipo de consideración sobre a monarquía pode ser representada por citas coma: “Penso que o rei é unha persoa coma min, a violeta perfúmao coma a min.” (W. Shakespeare); “Os reis son por instinto perfectamente cortesés, xa que senten que só así a súa situación de privilexio é tolerable ante os demais.” (H. Keyserling), “A monarquía é un déficit democrático que sufrimos por herdanza.” (J. Sabina) e, finalmente, “Empezando pola monarquía e seguindo pola igrexa, ningún poder nacional



pensou máis que en si mesmo.” (J.Ortega y Gasset).

Centrando o punto de vista na monarquía española; se nos detemos a analizar os artigos da Constitución española, na maioría dos apartados referentes á monarquía pódense detectar numerosas desigualdades. Por exemplo, no Título II, onde se fala da coroa, encontrase este artigo:

Artigo 56:

‘A persoa do Rei é inviolábel e non está suxeita a responsabilidade...’

Neste artigo concédenselle dous privilexios ao Rei que o resto de españois non teñen: a inviolabilidade e non ser responsábel das consecuencias dos seus actos, contrastando co artigo 14:

‘Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social’.

É dicir, o rei non é responsábel de ningún acto ilegal que faga, daquela non pode ser xulgado. Porén, no artigo 14 di que todo os españois son iguais ante a lei, entón... o rei non debería responder ante a lei coma o resto dos españois?

Habitualmente escoitamos os reis dicir que a xustiza é igual para todos, mais os feitos demostran que existe unha dupla vara de medir cun tratamento privilexiado nos casos dos escándalos reais.

Respecto á sucesión do trono:

Artigo 57:

‘A Coroa de España é hereditaria nos sucesores de S. M. Don Juan Carlos I de Borbón, lexítimo herdeiro da dinastía histórica. A sucesión no trono seguirá a orde regular de primoxenitura e representación, sendo preferida sempre a liña anterior ás posteriores; na mesma liña, o grao máis próximo ao máis remoto; no mesmo grao, o home á muller, e no mesmo sexo, a persoa de máis idade á de menos.’

Este artigo di que na liña de sucesión vai primeiro por proximidade familiar, despois vai primeiro o home que a muller e despois a idade. Contradicindo o artigo 14 unha vez máis, discrimina a muller; ao dicir que dentro da mesma liña sucesoria o home irá sempre antes que a muller violando o artigo 14, que especifica que todo os españois son iguais sen discriminar por sexo. O que recorda á Lei Sálica vixente en toda Europa no século XVIII, que en España non permitía que a muller herdase o trono, nin os seus fillos/as, se tiña irmáns varóns aínda que fosen máis pequenos. O que non só subliña o carácter machista da monarquía, senón que define o machismo vixente na constitución e en España.

A súa vez, en Girona en setembro de 2007 uns manifestantes queimaron unhas imaxes do monarca e foron condenados, mais isto foi unha vulneración dos dereitos humanos;

Artigo 3:

‘Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.’ De feito o tribunal europeo considérao unha crítica política "e non persoal á institución da monarquía, en xeral e, particularmente, ao Reino de España coma nación". Conclúe que o Estado vulnerou a liberdade de expresión ao condenar os demandantes. Desta forma, a xustiza europea deixou en evidencia ao Constitucional e a súa defensa da Coroa.

No aspecto económico, á parte de que os presupostos para a familia real son desorbitados, centrémonos nas inxustizas da repartición deste diñeiro. O rei recibiu en 2018, 7.887.150 euros para repartir entre a familia real; dese diñeiro o rei recibe 242.769 euros brutos, Letizia 133.530 euros, Sofía 109.260 euros e Juan Carlos, 194.232 euros. Nese mesmo ano Letizia asistiu a 66 actos e presidiu 17 audiencias, mentres Juan Carlos tivo 17 actos e 1 viaxe oficial. Pola súa parte, Sofía cumpriu con 22 compromisos en representación da Coroa. E aínda así, a pesar de cumprir máis funcións a raíña e a raíña emérita cobran bastante menos que o rei emérito. Isto proba que a fenda salarial existe e, alén disto, é incentivada pola coroa, fundamentalmente polo rei, que é o que reparte os salarios.

Por último, cuestionamos que a monarquía española sexa democrática:

Artigo 11:

1. España constitúese nun Estado social e democrático de dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.


2. A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

Neste artigo e os seu respectivos apartados declárase a España como un estado democrático onde o poder reside no pobo, mais se isto é así, por que non tivemos nin temos a opción de votar se queremos monarquía ou preferimos a república?. Por tanto, é democrático que os monarcas sexan os Xefes de Estado en España, sendo a familia que impuxo Franco?.



Como remate, este vídeo demostra que a monarquía foi implantada durante a transición sen dar a oportunidade de elección ao pobo español, violando así, máis unha vez, a democracia.

<https://www.youtube.com/watch?v=oxRYel4dfr4>



FASCISMO

Catalina Calviño Fernández (3º ESO D)

Esta corrente de totalitarismo e nacionalismo xenófobo chegou de novo ao noso país para ficar? Esperemos que non.

Despois do ocorrido en Andalucía, agora en Madrid e, inclusive, nas eleccións xerais, temos claro que a ameaza do bloque reaccionario de PP, C's e VOX é real e que, ademais, contan con moita forza e apoios dunha parte importante de España.

Os seus programas, cheos do ADN franquista máis desafiante, machista, antiobreiro e racista mostran ese retroceso dunha forma moi evidente.

Estas ideas tan atrasadas que veñen preconcebidas desa corrente falaxista e franquista son, en verdade, mentiras que provocan medo no pobo e que contribúe ao noso mellor control.

Non hai inmigrantes que nos rouben o traballo, os que nolo quitan son os capitalistas que aproveitan esa situación de precariedade nestas persoas para aumentar os seus beneficios.

Non hai unha situación de igualdade entre homes e mulleres, pois o patriarcado segue presente no noso día a día, aínda que nolo neguen cada momento ao difamaren e criticaren arreo o movemento feminista.

O que si que hai son desafiuzamentos de familias proletarias, sen recursos.

Feminicidios, ataques a persoas LGTB, quecemento global...

Opresións a estas minorías do mundo, ou non tan minorías.

O problema da sociedade? Hipocrisía e desidia.

O que precisamos é aprender e, logo, mobilizarnos.

Todos estes sometementos estan ocultos, a burguesía conta con todos os medios posíbeis para que a xente viva na ignorancia e non saiban que viven entre cadeas.

Falsa democracia que nos mantén nunha monarquía imposta por un ditador, que nos mantén nun sistema feito só para os ricos, que manda decenas de rapeiros ao cárcere por diciren o que pensan, que desprotexe mulleres vítimas de trata e acubilla políticos corruptos.

Temos que saír dese círculo de descoñecemento, ler e formarnos.

Tamén temos que explicar aos demais; se ti estás informado de algo, cóntao, expande ese coñecemento e que o teu círculo tamén se implique na sociedade, porque ou cambiamos ou destruímos o planeta enteiro.

Fai falla organización, militarmos de forma ordenada e facermos as cousas a conciencia.

Uníndonos somos máis fortes!

ESTA É A MIÑA HISTORIA

Bárbara Alejandra García Pérez (3º ESO A)

Chámome Bárbara, como moitos saberán son de Caracas, Venezuela. Emprendín esta viaxe xunta a miña nai e o meu irmán mellizo Eduardo. Non é un segredo a desacougante situación pola que está a atravesar Venezuela neste momento, situación que cada vez empeora máis e máis. Por esta razón, a miña nai pensou que naquel lugar o meu irmán e mais eu non teríamos un bo futuro e decidíu procurar un novo horizonte. Polas nosas mentes circulaba España ou Chile e, despois de tanto traballo e esforzo, a miña nai puido ter os cartos e comprar tres billetes de avión con destino a Madrid-España.

Teño que dicir que eu me sentía moi leda e emocionada por vir, pois desde sempre España fora un dos meus países favoritos. O que eu non sabía é que no momento que te montas nese avión sentes unha dor intensa e unha tristura xigante porque, cando fas este tipo de viaxes, non sabes cando volverás ver os teus familiares, os teus amigos, non sabes cando volverás ser o que eras e se o serás.

Chegamos a Madrid o 15 de xullo de 2018 e a miña primeira impresión foi: "Meu Deus, que aeroporto tan grande". Engaioloume a infraestrutura que garda España, como todo se ve tan antigo e en bo estado, ver a variedade de aparencias que había, como

ninguén se mofaba de ningunha pola súa fasquía.

Comecei estudar no Instituto Pedro Duque de Madrid. Caracterízome por ser unha persoa moi aberta, espontánea e sen medo a falar cos demais. Nese instituto non podía ser quen son, é dicir, non me sentía nada cómoda nin nada parecida ao que son. Basicamente sentía que ese non era o meu lugar. A mediados do primeiro trimestre a miña nai díxome que por distintas circunstancias teríamos que nos mudar a Vigo - Galiza. O primeiro que pasou pola miña mente foron as miñas curmás de Madrid, pois pasara moito tempo sen velas e de súpeto mudarme non era nada agradábel. O segundo que pasou pola miña mente foi "Por fin, voume deste instituto, eu sabía que isto non era para min". E o terceiro, "Agora toca, outravolta, adaptarme, outra vez novos "amigos", oh Deus. Alá falan en galego".

Ao chegarmos a Vigo sentía todo cun ar distinto, engaioloume ao momento. Despois de tanta busca, o IES Alexandre Bóveda era o único Instituto que tiña praza para dous irmáns no mesmo curso. Comecéi en 3º ESO B. Non sabía francés e cambiáronme a A. Agradezo infinito ao destino, ao tempo, ao que teña que agradecer. Nesta clase adapteime axiña, coñecín as mellores persoas

do mundo, gozo estar en clases porque, a pesar das tarefas ou os exames, sempre teño alguén con quen falar, rir e esquecerme de todo.

Nun ano vivín moitas cousas, mais sen dúbida ningunha esta etapa foi a mellor. Espero que veñan cousas mellores e todo vaia para ben.



**A
F
E
C
N
E
Z
E
V**

O SURF

Dora Céspedes (1º ESO B)

O surf é un deporte que se desenvolveu arredor dos anos 60 na costa estadounidense de California, en pleno auxe do movemento hippy. Este deporte estendeuse arredor do mundo moi rapidamente, mais non foi recoñecido como tal até moitos anos despois da súa aparición. Actualmente hai milleiros de surfistas profesionais, amadores e principiantes por todo o mundo, incluíndo persoas de todas as idades.

Toda a miña familia practica este deporte. Meu pai é o máis experimentado xa que leva desde novo practicándoo; mais meu irmán maior, que comezou con 5 anos e agora ten 16, leva máis dunha década surfeando e, sinceramente, é o mellor da familia... polo de agora! Miña nai, miña irmá menor e mais eu levamos surfeando desde o Nadal de 2018, cando Papá Noel nos agasallou cunhas táboas de surf para practicármos xunto con meu pai e meu irmán.

Eu cando entro no mar sinto algo no estómago, algo coma bolboretas; o movemento que producen as ondas fascíname. Cando surfeo unha onda teño a sensación de que esquezo todo o que pasa ao meu arredor e trato de gozala ao máximo. probabelmente sexa máis feliz dende que o

practico, mais iso non o sei, pois só teño 13 anos!

Aquí estou surfeando en Viana do Castelo, onde adoitamos estar durante o verán e no inverno cando hai ondas.



UN NOVO INSTITUTO

Ana Calaza (3º ESO, ex-alumna)

Chámome Ana e fixen os dous primeiros cursos da ESO no IES Alexandre Bóveda. Cando cheguei de Primaria a este centro, a miña primeira impresión foi moi boa. Ademais, eu no colexio xa estaba desexando poder ir ao instituto. Coñecín moita xente aínda que non puideren facer amigos de verdade até chegar a 2º da ESO. Cos profesores tamén me atopaba moi ben, todos moi agradábeis, uns máis duros ca outros, todo hai que dicilo.

Ao final de curso do segundo ano a meu pai, que tamén é profesor, déronlle traslado para o IES Francisco Aguiar de Betanzos. Eu púxenme moi contenta porque el quería dar clase alí e, alén diso, temos casa alí ben cerca. É o instituto onde estudou toda a miña familia. Por outro lado, estaba triste porque xusto nese ano fixen moi bos amigos e xa me sentía parte do Alexandre Bóveda.

O comezo no novo instituto supuxo un esforzo pola miña parte, era un novo curso, un novo centro, novos compañeiros... Se ben sempre tiven a idea de que algún día me iría de Vigo, tamén é certo que deixei nesta cidade grandes recordos, sobre todo as miñas amigas do último ano, as mellores amigas que podía ter.

De todos os xeitos, no meu novo instituto, que é o IES Francisco Aguiar, estou moi ben. Ten un nivel académico moi parecido ao Alexandre Bóveda, e o recinto é tres veces máis grande. Temos un edificio para a ESO onde tamén están

os laboratorios, conxerxaría, unha aula de informática, a cafetaría... Hai outro edificio para Bacharelato no que hai un taller, outra sala de profesores, a biblioteca, as dúas aulas de Música... Aínda hai outro edificio no que hai un ciclo de Formación Profesional e aulas de Plástica. Aínda hai outra construción na que se atopan dous talleres de Tecnoloxía Industrial. Despois, para Educación Física temos un ximnasio e un pavillón no que vai moito frío.

A miña primeira impresión tamén foi boa e tiven moi boa sorte co profesorado. A clase é moi boa académicamente e, aínda que xa fixen amigos, no atopei os que se parezan á doce Carla, á simpática Fátima e á amabilísima Aloia que deixei en Vigo. Por outro lado non falo con tristura porque ben sei que seremos amigas sempre. Polo demais todo o mundo parece estar contento comigo, até o director. Espero non defraudar a ninguén, eu estou a me esforzar ben por facelo o mellor que podo.

Eu tratei de elixir un centro o máis semellante posíbel ao IES Alexandre Bóveda, e parece que o atopei. Ficarei nel até a universidade porque sei que irei moi ben preparada. Tamén sei que, antes ou despois, atoparei amigos de calidade semellantes aos que tiña en Vigo que, por outro lado, son insubstituíbeis e sempre os terei, coma eles a min.

ADOLESCENCIA E CONFLITIVIDADE

Alejandra Álvarez Molíns (2º BAC C)

É habitual atopar situacións de conflictividade entre pais e fillos adolescentes. A adolescencia é unha etapa caracterizada pola conflictividade. Isto débese aos cambios hormonais que sofren os nenos e nenas a estas idades e mais os cambios sociais no seu estilo de vida.

Durante esta etapa xorde a necesidade de independencia. Os mozos e mozas refugan demasiado control sobre as súas vidas e os pais queren manter ese control *sine die*. Como consecuencia disto aparecen comportamentos de rebeldía e desobediencia, así como conflitos continuos. Os adolescentes tenden a desafiar o poder dos pais.

Como xa mencionei no parágrafo anterior, unha das consecuencias principais é a rebeldía. Esta xorde cando o fillo comeza a ter unha opinión propia, que tende a ser contraria á dos seus pais, pois cuestiona as súas opinións, as mesmas que antes daban por verdadeiras e válidas soamente porque as dician os seus pais.

Outra causa importante de conflito, é a forma no que os adolescentes están sempre á defensiva. Isto acontece porque toman todo como unha crítica destrutiva. O porqué deste pensamento é a presión social que hai entre eles, creando inseguridades tanto

físicas coma no seu carácter. Reciben os consellos dos seus pais como críticas e non coma advertencias.

En síntese, a adolescencia é unha época difícil para os e as adolescentes e tamén para os pais e nais. Porén, na miña opinión, os pais deberían facer un esforzo tratando de aceptar os cambios e procurando un equilibrio entre a súa autoridade e a liberdade do fillo ou filla. Se ambas as partes chegan a este punto de equilibrio, os conflitos serán dunha índole menor, se non as dúas partes radicalizarán a súa posición e non haberá solución en moito tempo..



A LOITA POLA VISIBILIDADE

Nuria Cancelas Viéitez (3ºESO B)

Antes de comezar, vou tentar deixarvos claro que pretenden transmitir estas páxinas, okay? Ben. "A necesidade de expór a diversidade sexual".

Antes de ser riscada de transfóbica vou deixar ben clariño isto: non sei nada sobre a transexualidade, así que para non meter a zoca prefiro centrarme máis no tema LGB para non cagala. Síntoo :c

TELEVISIÓN

Comecemos polas parellas LGB en series de debuxos animados (porque é o que máis ven os ananos) que saen en canles que todos temos (*Boing, Disney, Clan..*):

Para comezar: en *Clan* non hai representación deste colectivo (non encontrei nada ao respecto)

*Princesa chicle e Marceline (*Hora de aventuras*)

*O Sheriff Blubs e o comisario Durland (*Gravity Falls*)

*Ej e Sue (*Clarence*). Non saen apenas na serie así que se a viches refrescareiche a memoria: as nais de Jeff (o cabeza-cadrada)

*A parella lésbica de "somos osos" (polo menos así foi chamada nas redes sociais). Foi presentada como un elemento que serviu simplemente como parte do fondo en cuestión. De aquí pódense tirar dúas opinións: "É unha mágoa mais algo é algo" ou "Constantemente hai parellas hetero que fan

de extra e o que todos buscamos é igualdade, así que, maravilloso."

*As parellas do concerto de "Star vs as forzas do mal" (que tamén estaban aí só como personaxes extra).

*Rubí e Zafiro (*Steven Universe*)

*Rose e Juleka (*Ladybug*) (non se confirmou mais non creo que sexa necesario)

Ben, córrensevos máis parellas LG en series que vexan os ananos? Acho que non. E non contan simples shipps, pensade en parellas inequivocamente homosexuais.

Agora vexamos as parellas hetero:

*Finn e a Princesa chama (*Hora de aventuras*)

* Sr.Cangarexo e a srta. Puff

*Pais de Bob Eponxa

* Aelita e Einstein (*Code Lyoko*)

*Mordecai e Margaret (*Historias correntes*)

*Rigby e Eilín (*Historias correntes*)

*Gumball e Penny (*Gumball*)

*Bugs e Lola (*Looney tunes*)

*Star e Marco (*Star vs as forzas do mal*)

*Sisuka e Novita (*Doraemon*)

*Todas as parellas de Mickey Mouse, os Picapedra, Dragon Ball, Pitchi Pitchi Pitch, Winx, Phineas e Pherb.

Vese a diferenza? É unha pregunta retórica.

Non exixo que agora, de repente, todos os personaxes deban ser LGBT; pido diversidade. A rapazada debería poder tomar exemplo de "todo" e non só do que a

sociedade lles queira meter na cabeciña que é o normal e que se non fas o normal non mereces nin respirar.

Agora é a quenda do resto de series. Falarei só das que vin.

Sense8. Nesta hai unha parella lésbica onde unha das mulleres é ademais trans. Trata sobre oito persoas descoñecidas que están mentalmente comunicadas e un señor con este mesmo poder quere capturalos. Non sei se haberá algunha outra persoa LGBT porque non a vin enteira.

Superdrags. Nesta os protas son tres homes gays que teñen poderes estilo Sailor Moon que os converten en superheroínas *dragqueens* para salvar o colectivo LGBT doutra *dragqueen* que quere arrebatarlles o seu arco da vella interior. Malia ser unha serie de comedia, tamén reflicte o tema dos internados de conversión.

Pose. Unha das miñas series favoritas. Nesta, todas as protagonistas son mulleres transexuais agás tres gays e... ben, isto que vou dicir... sería *spoiler*. A serie está baseada no 87 e trata dos bols que se celebraban en Nova York durante a época. Vive, lúcete, posa!

Voltron. Esta serie non a cheguei a acabar, mais podo dicir que ao final (alerta *spoiler*) resulta que hai unha voda gay entre Shiro e Curtis.

Modern Family. Esta serie conta a historia dunha familia. Un deles é gay e está casado.

Esta parella ten unha nena. Encántame como os representan, son realmente adorábeis.

As arrepiantes aventuras de Sabrina. Nesta serie hai un rapaz trans. A aceptación momentánea dos seus amigos conmoveume. Foi marabilloso cando Harvey lle preguntou a Rose se Teo agora era un tío e ela lle dixo que non, que sempre o fora, porén, non estivera preparado para dicilo até aquel momento. Daquela, Harvey só soltou un "aah..". Precioso (non sei o diálogo de memoria mais foi algo así). Esta serie basicamente vai dunha mestiza que quere que os humanos e bruxas / feiticeiros convivan xuntos.

Ao que ía con isto é que *Modern Family* é a única serie que botan nunha canle de balde. Hai que posibilitar estes contidos a todo o mundo.

Buscando o de Shiro, tamén encontrei isto: Recentemente revelouse que CW recibirá un Batwoman que se centrará no seu lesbianismo e loitará pola xustiza social. E non, esa non é unha interpretación da descrición do programa, é literalmente a descrición do show.

CINEMA

Aquí hai unha morea de salas de cinema alén dos Gran Vía, aínda que pouca xente o saiba. No Gran Vía só poñen os filmes que teñen asegurado unha chea de público ou filmes que consideran de éxito, mellor dito.. por iso non poñen nin *anime* nin cousas que só lle van gustar a un público concreto.

Hai tempo fun ver un filme chamado *Identidade borrada*, o cal era unha denuncia ás terapias de conversión. Non a puxeron no Gran Vía, senón nos Yelmo, uns cinemas ás aforas de Vigo. Con certeza, case ninguén coñece ese filme e moito menos sabe o que son as terapias de conversión. Por cousas así deberían chegar máis filmes dese tipo aos cinemas aos que vaia todo o mundo, que todos coñezan e, sobre todo, deberían darlles publicidade na televisión.

Educación dos nenos e nenas

Para comezar, hei de dicir que debería haber unha clase de educación sexual, a todos nos fai falta. Non digo que sexa de reprodución, para nada, iso xa o damos en bioloxía. Con educación sexual refírome a iso mesmo no amplo sentido da expresión... No meu colexio había libros de como o fan unha muller e un home, por exemplo puñan que había que espirse, el tiña que meter o seu membro na vaxina da muller... OK, mais, por que non había libros de como o tiñan que facer dúas mulleres ou dous homes? Eu non son lesbiana, así que non podo saber se estou no certo, no entanto, creo que se nalgún momento tivese a curiosidade de como o podía facer con outra rapaza (aí tamén é importante saber que existe, creo; xa dixen que este exemplo se basea en suposicións) sen ter que recorrer a internet e acabar vendo porno, porque entón penso que tería moitísimas ideas fóra de lugar.

Visibilidade LGB

Deixo aquí unha listaxe de persoas famosas que son orgullosamente bisexuais, lesbianas ou gays.

Bi: Brendon Urie (Panic! at the disco) (cantante), Xuri Fenton (youtuber), Cara Develinge (modelo, prota no filme *Valerian*), Rita Ora (cantante), Jessi J (cantante), Angelina Jolie (actriz), Madonna (cantante), Alecia Beth Moore (P!nk) (cantante) .

Homo: Hayley Kyoko (cantante) (Stella en *Lemonade Mouth*), Jim Parsons (actor) (Sheldon Cooper en *The Big Bang Theory*), Harry Styles (cantante), Mika (cantante), Almodóvar (director de cinema), Anabel Alonso (humorista) (Voz de Dori de *Buscando a Nemo*), Fernando Tejero (actor) (Fermín Trujillo en *La que se avecina*), Pelayo Díaz (deseñador), Chris Pueyo (escritor) (o rapaz das estrelas), Jesús Vázquez (presentador) (Pasapalabra), Yellow Mellow (youtuber), Brendan Scannell (actor) (Heather Duke en *Heathers*), Sarah Paulson (actriz) (Lana Winters en *American Horror Story 2*), Ruby Rose (modelo) (fixo de Calamity en *Dando a nota3*), Ellen Degeneres (presentadora) (*Ellen's show*), Ellen Page (actriz) (Vanya en *Umbrella Academy*), Tom Elis (Lucifer en *Lucifer*), Garret Clayton (actor) (Garret en *Team beach movie*), Zachary Quinto (actor) (Dr. Thredson en *AHS2*).

Non atopei ningunha persoa transexual famosa. Un punto máis para mudar.

Nomear toda esta xente para denunciar a presión a agachar a orientación sexual era necesario? Francamente non, mais é interesante saber que non son “a norma”, pode que algún homófobo lea todo isto e se sorprenda de que algún ídolo seu ou personaxe amado ten unha orientación que aborrece. Querido homófobo: tes que decatarte de que están por toda parte, talvez o teu mellor amig@ non é hetero.

Agora comeceamos co tema. Os famosos representan un papel moi importante en moitas vidas. Hai xente que os toma de exemplo. Un neno, que aínda é influenciábel, debería poder ver nas noticias, por exemplo, que o seu ídolo se enleou cunha persoa do seu mesmo sexo. Hai que demostrarlles a eles e a todos (falo sobre todo de nenos porque algo que ves desde a túa infancia, xeralmente, é o que tomas por acertado), hai que berrarlles na cara que está tan ben que dúas mulleres ou dous homes teñan unha relación de amor como que unha muller e un home a teñan, e claro, que tamén é algo absolutamente plausíbel que vexas unha persoa cun sexo que non é o correcto. Sabedes? Só vin dúas veces persoas transexuais na televisión. Hai que mudar iso, e xa. Polo menos que saiban que existe isto, é dicir, alguén que se sente incómodo no seu corpo (que eu saiba isto non é algo obrigatorio para ser trans, mais como deste tema xa non sei, prefiro xeneralizar) deberían

poder saber que é algo normal, que ten un nome e que non está só.

Hollywood é un bo exemplo para demostrar o malo que é gritarlle á xente polos medios de comunicación á cara: “Non son hetero!” ou “Non son cisxénero!”

Hollywood presionou a Ellen Page para ocultar a súa homosexualidade.

Sempre se soubo homosexual; no entanto, tivo que agachar a súa orientación sexual por presión de Hollywood.

En entrevista con PORTER, declarou: “Dentro da industria dixéronme claramente, cando comencei a ser coñecida: ‘A xente non pode saber que es gay’. E presionáronme, en moitos casos vinme obrigada a usar vestidos e tacóns para eventos e sesións de fotos... Coma se as lesbianas no usasen vestidos e tacóns... Porén, nunca deixarei que ninguén me poña en algo que me fai sentir incómoda”.

Eu só encontrei esta nova, mais, con certeza, hai moitos máis casos. O feito de que tivese habido un xa é de máis.

E logo, aínda que non teña que ver coa visibilidade, está ben sabelo. Hai moitos homosexuais musulmáns que por culpa da súa relixión teñen que casar con mulleres para ocultar a súa sexualidade e así “no ser unha vergoña”. Horrible.

Un último dato que pouca xente coñece: Sabedes o que quere dicir “gay”? Alegre, divertido.

CONTRA A HOMOFOBIA

Hai moito tempo, cando estaba noutro colexio, eu tiña un amigo ao que coñecía desde que teño memoria, era diferente. A el non lle gustaba xogar cos rapaces ao fútbol ou aos coches. Desde sempre xogaba comigo ás bonecas ou a ser princesas. Encantábame xogar con el, estábamos xuntos todo o día e aínda así non nos aburriamos. Porén, non todo ía ben, moitos dos nosos compañeiros o insultaban ou empurraban simplemente por ter “gustos de nena” segundo eles. Moitas veces el choraba dicindo que facía todo mal e que eles tiñan razón. A min partíase a alma só con velo así. Díciulle que eles non tiñan nin idea do que estaban a dicir e que o problema non era el. Aínda despois de que lle fixesen a vida imposible, el seguía sen querer o mal para ninguén. Moitas veces dicía que non quería ir á clase, que o que quería era ficar na casa e seguir durmindo. El amosaba ser un neno feliz malia todo. Eu seguía sen entender como as persoas podían facerlle dano simplemente por ter gustos distintos. El nunca lle fixo dano a ninguén. Foron moitos anos aturando esa tortura, porque en verdade o era. Tentaba axudalo en todo o posible mais sabes que cando se meten contigo e te fan sentir mal todos os días, a axuda non serve de moito. Ao final, el marchou do colexio e tentou comezar unha nova vida. Nunca souben nada máis del.

Hoxe en día segue habendo este tipo de situacións, máis das que debería. Non entendo como dúas



persoas que se aman teñen tantos atrancos para ser felices só polo feito de amar outra persoa do mesmo sexo. Como a xente pode pensar que ser homosexual é unha enfermidade? E mesmo, como pode chegar a matalos? Tan só hai que pórse na pel desa persoa que sofre por non poder estar tranquilo sendo feliz coa persoa que ama. É increíble. A min, persoalmente, esfarélaseme o corazón. Espero que a situación vaia mellorando co paso dos anos.

Unha vez, na miña casa, saíu o tema dunha parella que saía en televisión. O que menos esperaba é que meu pai soltase un comentario como “agora hai máis gays que outra cousa, a maioría faino para gañar fama”. Eu comecei a discutir dicindo que é mentira que agora haxa máis homosexuais que antes, só que agora poden saír á rúa sen medo a que os maten. Non entendo como a xente pode culpalos por ser o que son. Creo que cada un ten que aprender a ser feliz co que ten e deixar de meterse na vida persoal dos demais, e menos aínda insultalos ou facelos sentir mal.

MULLERES NA HISTORIA

KATHERINE JOHNSON

Departamento de Matemáticas

Esta é a historia dunha nena que o contaba todo: os pasos que necesitaba para cruzar a rúa, os pasos que había até a igrexa, o número de pratos que limpaba, as estrelas que vía... todo o que podía ser contado. A historia dunha nena afroamericana que creceu nunha época na cal a segregación racial era unha realidade e que aínda tendo, a priori, poucas oportunidades, se converteu nunha excelente matemática, que realizou os cálculos das traxectorias dos primeiros voos espaciais de Estados Unidos e os cálculos que levarían o home á Lúa. A historia de Katherine Johnson. Unha excelente matemática. Unha auténtica calculadora humana.

Datos persoais

Katherine Coleman Goble Johnson é unha física estadounidense, científica espacial, e matemática que contribuíu á aeronáutica dos Estados Unidos e aos seus programas espaciais coa aplicación temperá dos computadores electrónicos dixitais na NASA. Coñecida pola súa precisión na navegación astronómica, calculou a traxectoria para o Proxecto Mercury e o voo do Apollo 11 á Lúa en 1969.

Traxectoria

Primeiros anos

Katherine Coleman Johnson naceu o 26 de agosto de 1918 en White Sulphur Springs (Virxinia Occidental), filla de Joshua e Joylette Coleman. Tiña tres irmáns. A súa nai foi mestra e o seu pai leñador, agricultor e finalmente persoal de mantemento no hotel

The

Greenbrier.

Dende moi nova,

Johnson demostrou

talento para as matemáticas.



Os seus pais consideraban moi importante a educación dos seus fillos e debido a que no condado de Greenbrier non se ofrecía escolarización para nenos negros máis aló do oitavo grao, os nenos Coleman asistiron á secundaria na comunidade de Institute. A familia permanecía en Institute durante o ano escolar e en White Sulphur Springs durante o verán.

Coleman Goble Johnson graduouse na escola secundaria aos 14 anos e aos 15 ingresou na universidade Estatal de Virxinia Occidental.

Como estudante, asistiu a todos os cursos de matemáticas que ofrecía a universidade. Moitos profesores prestáronlle especial atención, incluíndo á química e matemática Angie Turner King, quen xa lle deu clase na secundaria, e W.W. Schieffelin Claytor, o terceiro afroamericano en obter un doutoramento en matemáticas nos Estados Unidos. Claytor engadiu materias de matemáticas especialmente para Katherine. Graduouse *summa cum laude* en 1937, en matemáticas e francés, á idade de 18 anos. En 1937 a (case) única opción dunha muller afroamericana para traballar fóra da casa era dedicarse ao ensino. Foi así como Katherine se mudou a Marion (Virginia) a exercer como profesora de matemáticas, música e francés nunha pequena escola. Segundo as súas propias palabras, foi en Virginia onde sufriu as consecuencias da segregación racial e o racismo por primeira vez de forma consciente. Aínda que tamén foi en Virginia onde Katherine loitou dalgunha maneira contra esa segregación. En 1938, converteuse na primeira muller afroamericana en terminar coa segregación na universidade de Virxinia Occidental en Morgantown. Foi a única muller dos tres estudantes afroamericanos seleccionada para realizar estudos de posgrao despois do fallo da Corte Suprema dos Estados Unidos no caso Missouri ex rel. Gaines v. Canada. Desgraciadamente, problemas familiares

fixeron que Katherine non puidese finalizar os seus estudos.

Carreira

Non contenta con ensinar, Coleman Goble Johnson decidiu facer unha carreira en matemáticas. Nunha reunión familiar, un parente mencionou que a NACA (National Advisory Committee for Aeronautics), logo convertido en NASA, estaba a ofrecer empregos. En particular, buscaban mulleres afroamericanas para o Departamento de Guía e Navegación. En 1953, ofrecéronlle un posto a Johnson, quen aceptou de inmediato. Johnson foi inicialmente asignada á sección West Area Computers que era supervisada pola matemática Dorothy Vaughan, e logo reasignada á área de Guía e Control da División de Investigación de Voo de Langley. Máis tarde trasladouse á área de Controis de Naves Espaciais (Spacecraft Controls Branch) Como experta en matemáticas e xeometría, o seu traballo consistía en realizar todas as operacións e comprobacións de cálculo que requirían os enxeñeiros aeronáuticos. Ese era un traballo silandeiro que as mulleres facían sen preguntar nada. Porén, Katherine non se conformou só con facer o traballo. Empezou a expor preguntas como por que?, para que?, como?, por que non? e pediu poder ir ás reunións dos enxeñeiros para poder discutir esas cuestións con eles. Contestáronlle que iso non era común, ao que ela preguntou se estaba prohibido. A

contestación foi que non, e desta maneira Katherine Johnson empezou a ir ás reunións. Co tempo foi destacando non só polos seus coñecementos senón tamén polas súas capacidades de liderado. A pesar das barreiras iniciais que puido sufrir ao comezo da súa carreira debido á súa dobre condición de muller e afroamericana, aos poucos foise gañando o recoñecemento dos seus colegas. A súa abraiante carreira como matemática, científica espacial e informática teórica convertérona en todo un referente na

primeiro voo orbital da humanidade do cosmonauta Yuri Gagarin. Segundo as propias palabras de Katherine, ao principio, cando me dixeron que querían que a cápsula baixase nun lugar determinado e que estaban a tratar de calcular onde e cando debían facer o lanzamento, díxenlles: deixádeme facelo. Dícideme cando e onde o desexades na Terra e indicareivos cando debe despegar. Aínda que en 1962 a NASA empezou a utilizar computadoras electrónicas para realizar os cálculos, ela foi a encargada de verificar as



NACA/NASA.

Foi a encargada de levar a cabo os cálculos do Proxecto Mercury, desenvolvido pola NASA, entre 1961 e 1963. Calculou a traxectoria parabólica do voo espacial de Alan Shepard, o primeiro estadounidense que viaxou ao espazo a bordo do Mercury Redstone 3 en 1961. Este voo suborbital foi realizado vinte e tres días despois do

contas da computadora que levarían a John Glenn no seu voo orbital ao redor da Terra na nave Friendship 7.

O seu magnífico traballo non acabou aí. Calculou a traxectoria do Apollo 11 que levaría o home á Lúa en 1969. Ademais os seus cálculos axudaron a sincronizar o módulo lunar co módulo orbital. Katherine comentaba: eu fixera os cálculos e sabía que

eran correctos, mais podía pasar calquera cousa. De feito algo inesperado pasou durante a misión Apollo 13 e Katherine axudou, unha vez abortada a misión, a que a nave volveuse á Terra implementando procedementos e cartas de navegación.

Tamén participou no programa Space Shuttle e en plans de misión a Marte até a súa xubilación, en 1986, despois de trinta e tres anos de servizo na NASA.

Actualmente Katherine dedícase a falar con nenos e novos, especialmente mulleres, sobre a perseveranza e a importancia de loitar polos soños por riba de calquera discriminación racial e de xénero, tal e como ela fixo. Tamén os anima a que estuden ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas (STEM) xa que, segundo as súas palabras:

“Sempre teremos a STEM connosco. Algunhas cousas desaparecerán da nosa vista, mais sempre haberá ciencia, enxeñaría e tecnoloxía. E sempre, sempre, haberá matemáticas.

Legado

En total, Katherine Johnson foi coautora de 26 artigos científicos. A NASA mantén unha listaxe dos artigos máis importantes escritos por Johnson con ligazóns á súa ferramenta de procura.

O impacto de Katherine Johnson como pioneira na ciencia espacial e na informática viuse reflectido nos premios que recibiu e a

cantidade de veces que foi presentada como un exemplo para a sociedade.

Dende 1979 (antes de se xubilarse), a biografía de Katherine Johnson ten un lugar de honra nas listaxes de afroamericanos en ciencia e tecnoloxía.

O 16 de novembro de 2015, o Presidente Barack Obama incluíu a Johnson nunha listaxe de dezasete estadounidenses acredores da Medalla Presidencial da Liberdade en 2015. Foi presentada con ese premio o 24

de novembro de 2015, e mencionada como unha muller afroamericana pioneira en STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas).



En marzo de 2016 comezou a rodaxe de *Hidden Figures*, un filme sobre Katherine Johnson e as súas colegas afroamericanas da NASA, baseado no libro do mesmo nome de Margot Le Shetterly, que se estreou en xaneiro de 2017. Johnson estivo presente na 89ª edición dos Oscar xunto ás actrices do filme.

O 5 de maio de 2016, dedicáronlle formalmente as novas instalacións de

investigación en informática Katherine G. Johnson no Centro de Investigacións de Langley en Hampton (Virxinia), en conmemoración do 55 aniversario do lanzamento de Alan Shepard, que foi posíbel grazas a Johnson.

Vida privada

En 1939 casou con James Francis Goble con quen tivo tres fillas: Constance, Joylette e Katherine. En 1956 James Goble morreu dun tumor cerebral inoperábel. En 1959 casou co Tenente Coronel James A. Johnson e continuou a súa carreira na NASA. Participou no mesmo coro da Igrexa Presbiteriana de Carver durante 50 anos e foi membro da irmandade de mulleres Alpha Kappa Alpha.

Premios

2015, Medalla Presidencial da Liberdade

2010, Doutoramento Honorario en Ciencias da Universidade de Old Dominion, Norfolk, Virxinia

2006, Doutoramento Honorario en Ciencias da Universidade Capitol, Laurel, Maryland

1999, Ex-alumnos máis destacados do ano da Universidade Estatal de Virxinia Occidental[11][26]

1998, Doutoramento en Leis Honorario, da Universidade Estatal de Farmingdale

1986, NASA, Centro de Investigación Langley, Premio Especial ao Logro

1985, NASA, Centro de Investigación Langley, Premio Especial ao Logro

1984, NASA, Centro de Investigación Langley, Premio Especial ao Logro

1980, NASA, Centro de Investigación Langley, Premio Especial ao Logro

1971, NASA, Centro de Investigación Langley, Premio Especial ao Logro

1967, Premio ao Logro, Grupo Apollo. Este premio inclúe unha das trescentas bandeiras que voaron á Lúa a bordo do Apollo 11

1967, NASA, Premio ao equipo Lunar Orbiter Spacecraft and Operations polo traballo pioneiro no campo de problemas de navegación en apoio de cinco naves espaciais que orbitaron e cartografaron a Lúa en preparación do Proxecto Apollo.



MULLERES NA HISTORIA

MARGARET SANGER

Lola Gómez Vázquez e Lucía Varela Rodríguez (4º ESO D)

Margaret era unha enfermeira de Nova York, que traballaba sen depender de ningún home, o que era un grande avance para a época como muller.

O que máis lle preocupaba era que as mulleres pasaban gran parte da súa vida adulta grávidas e tiñan unha media de 18 embarazos, polo tanto, a maioría acababa morrendo a unha idade temperá.

Margaret comezou a súa carreira escribindo un artigo nun xornal chamado *A Muller Rebelde* sobre métodos anticonceptivos... e tivo que fuxir a Europa para librarse dun ano de cárcere por distribuír material “obsceno”.

En Europa inventou o diafragma e introduciuno ilegalmente en Estados Unidos. Alí abriu o primeiro consultorio xinecolóxico do país. Un tempo despois, tras varias manifestacións, conseguiu que se lles permitise aos médicos asesorar sobre anticonceptivos e mesmo distribuílos.

Non chegou a salvarse do cárcere, porque nunha das súas charlas dixo: “Ningunha muller poderá ser libre se non posúe e controla o seu propio corpo”.



MULLERES NA HISTORIA

LUPITA HARD

Aroa Pombo González (3ºESO D)

Lupita Hard é unha artista multidisciplinar, formada nas belas artes e actualmente está facendo un máster de arte contemporánea.

Comezou facendo *graffiti* tradicional, firmando co seu nome. Ao meterse neste mundo decatouse de que sobre todo eran homes, polo menos en Vigo, e que tan só coñecía a outra *graffiteira*, chamada Saxs. Ao ver este ambiente, comezou a considerar unha reivindicación maior, non só co *graffiti*, senón tamén co seu traballo de muller. Así chegou a facer o tipo de *graffiti* que pinta actualmente, que loita polo tema da muller, a imaxe do seu corpo e a súa desexualización. Sorprendeulle un libro chamado “Vulva”, no que se reflectía

un experimento. Pedíanlle a un grupo de mulleres que debuxasen esquematicamente un pene e unha vulva, sabendo debuxar tan só o pene. Despois disto comezou ela mesma a debuxalas.

Introduciuse neste mundo influenciada pola súa parella e, alén disto, sempre foi algo que lle chamou a atención xa dende o principio. Ademais traballa na rúa porque é un lugar no que todo o mundo pode ver os debuxos e mensaxes que aparecen nas paredes. Tamén di que xa non lle sorprende que tachen, censuren ou que lle escriban insultos tan só nas súas obras.



MULLERES NA HISTORIA

QUEN É VALENTINA TERESHKOVA?

Tania León e Laura Lupicki (4º ESO D)

Valentina naceu o 6 de marzo de 1937 en Máslennikovo.

Con 26 anos converteuse na primeira muller cosmonauta e civil que voou ao espazo.

Comezou a escola con 8 anos e continuou a súa educación mediante cursos por correspondencia. A temperá idade interesouse polo paracaidismo e fixo o seu primeiro salto aos 22 anos.

O 16 de febreiro de 1962 foi seleccionada para unirse ao campo feminino de cosmonautas. Os requisitos incluían que fosen paracaidistas de menos de 30 anos, de menos de 1,70m e 70kg.

A súa viaxe ao espazo

O 16 de xuño de 1963 o Vostok foi posto en marcha sen erros e así, Valentina converteuse na primeira muller en chegar ao espazo. A viaxe durou 3 días e déronse, en total, 46 voltas ao redor da Terra.

Alguns problemas co xénero.

As medidas de precaución que se tomaron para a viaxe foron pensadas para un home a pesar de que Valentina era unha muller, polo tanto non se sabía o que sucedería con ela.

Durante os 3 días que durou a viaxe, Valentina experimentou náuseas, malestar físico e dor no pescozo polo peso do casco. A Valentina non lle deixaron pilotar a nave.

Tereshkova casou con Adrián Nikoláyev en 1963. O 8 de xuño de 1964 naceu a súa filla. Valentina e Nikoláyev divorciáronse en 1982. Valentina sempre tivo un desexo que nunca puido realizar: conducir unha locomotora. Está interesada nunha viaxe a Marte sen importar que non teña regreso.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

ANTONIO FRAGUAS

Departamento de Lingua Galega e Literatura

- ✓ Naceu no 1905, en Cotobade.
- ✓ Estuda Bacharelato en Pontevedra. Tivo como profesor a Castelao.
- ✓ Funda a Sociedade da Lingua para defender o galego e achégase ás Irmandades da Fala.
- ✓ Estuda Filosofía e Letras en Santiago.
- ✓ Ingresa no Seminario de Estudos Galegos, dedícase ao estudo dos castros xunto a Cuevillas.
- ✓ En 1931 afíliase ao Partido Galeguista do que chegará a ser secretario xeral.
- ✓ Participa na campaña polo referendo do Estatuto de Autonomía.
- ✓ En 1933 exerce como profesor no instituto da Estrada, función da que será apartado en 1937 tras o golpe de estado fascista.
- ✓ Coa Guerra Civil o Seminario de Estudos Galegos é expoliado e pérdense os seus traballos.
- ✓ Durante a ditadura traballou nunha Academia en Santiago.
- ✓ Ingresa na RAG en 1942 cun discurso sobre as cantigas populares.
- ✓ En 1950 aproba a cátedra e exerce de profesor no instituto de Lugo, logo trasladarase a Santiago e dará clases no instituto de Rosalía de Castro.
- ✓ En 1976 participa na creación do Museo do Pobo Galego, que chegará a dirixir.
- ✓ En 1983 forma parte do Consello da Cultura Galega e coordina a sección de Antropoloxía Cultural.
- ✓ A súa abundante obra recolle os seus estudos sobre o cancionero popular, as romarías, a historia de Lugo, o traxe tradicional, o entroido e as diferentes tradicións galegas.



FESTA DAS EIROÁS

Saúl Álvarez Fernández (1º ESO A)

Eiroás é un barrio pequeno de Ourense, onde vivín e tamén estudei no CEIP Eiroás.

Esta festa data do século XX, nos días de Entroido.

Comezamos indo polas rúas disfrazados de pitas anunciando a voda de dous viúvos, que foron Antonio e Gumersinda (a historia foi real en 1955). Sobre as oito do serán xuntámonos na praza de Eiroás e alí celebramos a voda, con agarimo e respecto a estas dúas persoas. Un home e unha muller disfrazados de noivos casan e, despois, facemos unha festa do convite, na que comemos filloas, *rosquillas* e máis cousas. Tamén bailamos toda a noite e tomamos licor café (algúns).

Finalmente, con tristura, ao rematarmos a esmorga, gardamos os traxes da pita até o ano que vén.



VIDEOXOGOS *INDIES*, UNHA ARTE DO SÉCULO XXI

Departamento de Tecnoloxía

Cando falamos de videoxogos, para ben ou para mal, adoitamos facelo só dos máis comerciais, os que todo o mundo coñece e (re)coñece independentemente de se xogamos ou non. Estes xogos, catalogados como tripe A, son os representantes dos videoxogos no imaxinario colectivo, a súa faciana pública. Moitos deles son dunha calidade técnica e artística indiscutíbel (citemos tan só os da saga de Zelda, creados por S. Miyamoto, premio Princesa de Asturias polo seu labor creador) MAIS non son nin moito menos os únicos tipos de videoxogos. Existe todo un ecosistema, agochado e máis numeroso, de videoxogos independentes (isto é, non creados por grandes empresas) que se permiten ser máis creativos, orixinais, innovadores... pois non están (tan) sometidos á ditadura do mercado. Isto mesmo acontece en calquera outro eido artístico: a maioría dos grupos innovadores non aparecen nunca en “Los 40 Principales”. As persoas que están interesadas polos videoxogos teñen á súa

disposición outro tipo de videoxogos que enriquecen o medio. E ás persoas que non lle interesan os videoxogos clásicos (centrados en xeral na acción, na velocidade de movementos ou na violencia) poden atopar unha gran cantidade de obras artísticas interactivas centradas na narración, na investigación emocional, na contemplación...

Na exposición organizada no IES polo Departamento de Tecnoloxía **VIDEOXOGOS: UNHA ARTE DO SÉCULO XXI** priorizouse a exposición de videoxogos *indies*, pois pensamos que moitos deles son, ou van ser, elementos importantes da cultura audiovisual transmedia propia do noso tempo (e que unha parte importante do *establishment* cultural prefire seguir ignorando). Aquí lembramos algúns deles:



<p>Yuppie Psycho Un <i>indie</i> galego-francés en galego. Se algo necesita a promoción do galego é ter videoxogos na nosa lingua.</p>		<p>Un obra <i>pixel-art</i> cunha trama ben interesante e nada predicíbel, unha reflexión sobre o lado escuro das empresas.</p>
<p>Gris Un <i>indie</i> español famoso polas súas acuarelas. O tipo de videoxogo para mostrar aos que non lle gustan os videoxogos e negan que sexan arte.</p>		<p>En Gris non podes morrer e non tes que ser bo cos mandos, non hai puntos, tan só puzzles e unha viaxe emocional e cromática.</p>
<p>What remains of Edith Finch Unha novela interactiva que non desmerece das novelas escritas, unha narración do século XXI.</p>		<p>Non é nada difícil de xogar. Vas percorrendo a árbore xenealóxica da familia e descubrindo segredos agochados.</p>



“+1: SUBE DE NIVEL”. XOGOS DE MESA NA BIBLIOTECA DO IES

Departamento de Tecnoloxía

Neste curso tense creado na biblioteca un novo espazo lúdico-educativo, o club de xogos de mesa “+1: Sube de nivel”. O alumnado de 1º da ESO puido reunirse nos recreos dos Martes e Venres a probar distintos xogos de mesa. Como case que todo o mundo sabe, os xogos de mesa son algo máis ca un pasatempo. Desenvolven distintas habilidades culturais e intelectuais: uso práctico das linguas, vocabulario, lóxica, resolución de problemas, creación de estratexias... e, por riba de todo, ao igual que o deporte e as artes, son un medio para fomentar a socialización.

No curso vindeiro o club será ampliado aos restantes cursos da ESO e ademais os xogos estarán a disposición do alumnado e profesorado que os solicite.

Presentamos aquí abaixo unha escolma de xogos dispoñibles no club. A maioría deles poden xogarse en 15 minutos ou menos, pois é o tempo que dura o recreo :-)

EXPLODING KITTENS		O xogo con máis éxito do club. Moi divertido e dinámico. Tes que intentar non explotar antes de que exploten os teus contrincantes.
DIXIT		O xogo que podería xogarse en clase de Lingua, pois recompensa a capacidade literaria para interpretar preciosas imaxes. Un dos xogos máis vendidos no mundo, e con razón.
FANTASMA BLITZ		Tan rápido de aprender como de xogar, un xogo que fomenta a rapidez visual e a toma de decisións. Moi divertido.
IKONIKUS		Este xogo está na sala de profes para xogar nas clases. Axuda a crear empatía e coñecemento entre os xogadores.

TEIMA. UNHA REVISTA PARA UN PAÍS

Lorena Fernández, María Fariñas, Lucía de la Iglesia, Sara Faro (2º BAC E)

mírote cós ollos que foron meus
-os da mocidade-
ora que xa vou vello de exilio, e a neno medro, e a home
(axiónllome á porta da Casa;
con lucidez e resignación
con vida e con morte
con amor
e eres ti, e eres
ti
reconhecida e salvada, á miña beira sempre
soa
soa diante do mar, áncora do ferro
deitada pra vivir, albor de cuncha e oucas,
-¡oh, desamparada!-,
e eres,
ti,
voz que aínda chama polo neno meu aló, aló no
suarego de pedra, no esteiro da consolación,
e eres ti,
corpo que aínda chama polo home que contigo
chegou a esta terra, a esta Casa de laranxos,

o leito unxido de acios

eres ti, a man que aínda guía a quen xa triste de horas
e vellez, de exilio e vida
de cunca e auga,
agora, agora,
xunta ó mar de cinza e xabre contigo está.

Contigo está, contigo -oh, desamparada- olla o solpor, a luz dos laranxos caídos, as ondas sempre, as ondas
e volve, volve prá Casa derrubada,
axiónllase no forno queimado,
déitase no leito cando a noite non é máis que Noite, mármore de gaiotas contra a fiestra
da desolación
e entón reconece, e entón reconece todo o que foi canto, salmo, zanfonha de exilio.

Terra maldita da que con cadeas de procesión e voces de ferro, e coitelos, e gadanha de lume
des-te-rrá-ron-me
hai xa toda unha vida, horas e horas,
anos de xenuflexión, de perdón, de corazón, de prego
de camiños, e camiños, e camiños
de ollar, coma agora, no solpor do vinho, diante do mar
as mans súas da vellez cruzadas sobre o peito
malditos malditos malditos.

Mírote cós ollos que foron meus, compañeira minha, -oh, desamparada-
ora que paso a paso me levas, ora que paso a paso me guías e queda o mar atrás
e é a Noite
e ascenden as estrelas o teu corpo de xuventude
vas comigo e o mar dende atrás vaza e limpa os teus pés
devala o mar dende atrás antre as mans de nácare, minha ouvada,
e chegamos
e chegamos algún día
e abres a porta da Casa, pos o mantel das viandas, a cuna, a lámpada da maxestade
e eisí solos
e eisí solos
a mirada regrésame do vivir.
E estou vivo.

Liturgia do corpo, Mesteres - Arcadio L. Casanova

informe

Cando penso na Galiza, síntome exiliada, e non sei quen está fóra, se son eu ou é ela - *reclama umha das voces no debate* - por iso cito estas verbas de Arcadio López Casanova, umha recomenda da propia escolma de Teima, pra abrires a porta da Casa, e eisí, regresarme ao vivir.

Agora que son testemunha da vertixe política doutro tempo, eu, tan arraigada numha democracia cuxa base non construí, non podo evitar renderme ante unha sutil curiosidade, ante un replantexamento da historia. Cando as cifras acollen nomes, e os nomes, unha complexión humana, de socato, a imaxe mental até agora adquirida dun pobo recobra vitalismo. Acostumada á memorización exhaustiva de datos e datas inapetentes, capitulizados en materia avaliábel, abandonan papel e nárranme, en primeira persoa, o acontecido.

Síntome interpelada - *resalta* - diríxese a min. Teima rescata un reduto esquecido da historia, capta un intre exacto, que por efémero, foi sepultado baixo os grandes sucesos, que non deixan de ser consecuencia destes pequenos pasos: son precisos pra comprendelo todo - *afirma*.

Sei que cando falo do exilio, soa en demasiá pragmático e dramatizado, porén, nada máis lonxe do verismo: é que me sinto fóra. Leo os seres doutro tempo, admiro o xeito en que se

expresaban, diso xa non temos- *diso, do que?, preguntamos ante o seu silencio castrativo, repleto*



de significado - da consciencia da colectividade. Falaban coma conxunto, coma pobo, coma parte dunha engrenaxe de extensión inabarcábel, cunha pronunciada conciencia de clase, coma rúbrica un documento esquecido: esquecido pola ambición. Co tempo todos quixeron subir, subir onde? A ese lugar que dende a ignorancia chamamos ``arriba``, ascender no escalafón social, xa non se atopan vencellos entre os ``pobres``, porque xa ninguén quere formar parte dese grupo. Por iso pechámos os ollos e vociferamos que somos libres mentres hai quen colle as papeletas electorais e colócanolas na man. Ninguén dise oprimido, coma se xa non existise a España opresora nin a Galiza oprimida. Porque soa a outro tempo, (e oxalá), e coma concepto, tal vez o sexa, mais non coma realidade.

A vixencia do discurso é estarrecedora - *responde cando preguntamos acerca desa interrogante que abre a propia revista: Galiza, en segunda división?-*, aínda que non creo que sexa posíbel falar neses mesmos termos, sería anacrónico e un tanto incoherente temporalmente falando. Resulta obvio que as pretensións víronse modificadas

(ou mais ben, extintas, porque agora que Galiza existe coma comunidade autónoma, polo menos, xa non o fai coma pobo, xa non hai voces pola independencia, coma unidade). Eu, persoalmente, son incapaz de filtrar, sen certa incredulidade, o poderoso sentimento nacionalista que agroma das súas liñas. De todas. É marabilloso. O absoluto e perpetuo cuestionamento, a autocrítica á que os propios partidos políticos sometían os resultados catastróficos das recentes eleccións. A tintura difire moito dos discursos postelectorais da actualidade, a análise resultaba exhaustiva, e o máis importante: había quen o recollía por escrito, quen se molestaba en retratar o seu tempo (esa outra verdade que os medios nacionais ignoraban). A revista *Teima* goza dunha dobre vida: no seu tempo, puxo voz ao desacougo e ao inconformismo, cun discurso asequíbel e achegado aos que debía interesar; hoxe en día permítenos efectuar un estudo en perspectiva, non unicamente dos sucesos e das personalidades do momento, senón coma unha crónica dun modo de expresión concreto, dunha preocupación que o abrangue todo, dunha defensa da máxima “o persoal é o político”, aquela cita de Carol Hanisch, que se ben facía referencia á muller, podemos extrapolalo á nación galega, pra voltar elevar o individual á preocupación colectiva, e facer política dende o pobo e para o pobo - *conclúe a encargada deste*

apartado, sublinhando o seu desexo dun rexurdir destes exemplares.

sucede no país

Se algo admiro da revista é a carencia de sensacionalismo - *con estas verbas dá comezo a súa disertación outra das voces, disposta a contrastar dúas épocas xornalísticas* - agora que o acceso á información democratizouse, agora que o analfabetismo do país foi practicamente abolido, assistimos a un retroceso, incapaces de discernir a falacia e a verdade. É esta neolinguaxe do xornalismo actual, que terxiversa e modifica o acontecido: xa ninguén sabe que ocorre. Les un titular e non existe apenas relación co desenvolvemento da noticia, vivimos de costas á realidade, e resulta paradoxal neste tempo da continua conexión. Somos vítimas conscientes do inmediato e do mediático; os artigos da revista *Teima* son froito dunha fonda reflexión, dun previo estudo, dun contacto directo cos afectados, cuxo discurso non é adulterado cun fin puramente económico. E iso resulta, en tanto, admirábel: unha revista carente, posibelmente, de ostentosos presupostos, retrata a realidade coma nun filme, sen anestesia. É a defensa da voz do pobo, ao seu absoluto servizo - *sentencia-* agora xa non hai



medios así, cada quen mira polo propio.

A redacción de *Teima* sitúase nun marco temporal posfranquista, en plena revolución industrial, que comezaba a interpelar a unha Galiza rural e agraria, após corenta anos de atraso no que respecta ás nacións europeas, e sempre *un paso adiante e outro atrás, i a esperanza dos teus sonhos non se move*. Abuso e explotación da man dos poderosos, os seus artigos corresponden aos trazos dun cadro hiperrealista: a desmedida industrialización das zonas máis afastadas dos núcleos urbanos, a construción masificada de infraestruturas e estradas, en prol dun suposto avance, coma ``reclamo`` da vontade popular. E todo iso, construído sobre reservas naturais, milleiros de hectáreas que sucumbiron ante *o poderoso caballero Don Dinero* por motivos azarosos case divinizados pra os requirimentos político-económicos: os incendios forestais.

Un *modus operandi* que prevalece na nosa terra: a catástrofe. Polo menos, así volvemos reunificar a xente: xa se sabe que ante umha barbarie tal, todos son da familia *-achega con certo sarcasmo*.



Coma trazos tamén dese cadro hiperrealista antes referido, destacar o lendario monocromatismo que supón a corrupción nos concellos, o endémico caciquismo, a fraude e os recortes, o sadomasoquismo dun pobo que vota

(semella) na súa contra, á desestimación por parte dos alcaldes da preservación dos monumentos históricos (nunha Galiza que derruíu, ao longo da súa historia, gran parte do seu patrimonio cultural, en prol dunha capitalización do territorio), os salarios irrisorios, as desigualdades entre os e as asalariadas, os despidos e precariedade, emigración, emigración e emigración *-repite obstinadamente-*; pregúntome canto daquela paisaxe resta no gris do formigón, no acibeche do asfalto, nos montes reforestados a base de eucaliptos... e canto tamén resta de todo o abuso sufrido: preservamos o que non debimos, iso é todo.

Teima encárgase de recordárnolo, de ser testemunha escrita da parálise nacional, do paroxismo, a inmovilidade e da regresión. Cospe sobre as súas páxinas unha realidade doutro tempo, lembrando que permanece *eiquí, conosco*.

pobos ibéricos/cultura

Que que opino sobre *Teima*? *-resposta con certo rintintín á nosa cuestión a derradeira componente do debate*. Ben, *Teima* é, sen dúbida, unha revista que abrangue diversos aspectos, filtrándoos dende a política, e enlazándoos con temas protagonizados pola sociedade da época. Fala de nós. Da nosa evolución, dende umha clara postura ideolóxica, dende umha perspectiva

nacionalista, e iso me gusta, porque fala tamén de min e de ti, coma un diario persoal datado de anos atrás. Mais segue falando de nós, na actualidade -*apunta*- fala de nós, e tamén dos que son coma nós ou semellantes, de Euskadi, de Catalunya, o que denota unha olhada posta no propio, e tamén no alleo.



Sobre todo chámame a atención o que pode resultar intranscendente dende unha olhada actual, artigos que retratan con grandeza o que agora interpretamos con normalidade: o abandono das vilas do interior e a crecente industrialización dos núcleos urbanos, a reintegración da arpa na música galega...dáme que pensar, sen dúbida, e transpórtame a aquela Galiza informe, a aquela España crebada polo franquismo, desconcertada, que espertaba paseninho adaptándose do xeito en que puido ás renovacións, e reivindicando sempre que *sofrir, sufrimos* e que o cambio debía darse dende as institucións, ao reclamo de *menos represión e máis escolas* -*cita emocionada*- construíron o mundo que cohecemos hoxe, e os redactores e redactoras de *Teima* contribuíron coas súas letras.

CARTA Á DIRECCIÓN

Somos sabedoras do gran peso político xurdido do noso debate, incapaces, en certo modo, de desunir este plano do significado da opinión

estrita da revista. No entanto, tamén cremos que nun caso coma o de *Teima*, resulta evidente e necesariamente imposíbel separalos. Pra falar dela, precisamos falar do seu tempo, das súas circunstancias, ler e comprender; precisamos conversar coas voces que se achegan dende o pasado; precisamos sentirnos interpeladas, e responder dende un eu máis íntimo, intrinsecamente ligado ao noso ideario; reaprender o significado de ser galegas, coñecer o límite dos muros impostos, constatar a vixencia do seu discurso pra reconhecernos coma oprimidas, e dende a consciencia, loitar. Precisamos reconciliarnos coa nosa terra, cos devanceiros, coa orixe do que somos. Saber de onde vimos, a nosa historia. Emporiso, se erramos nas formas ou nas verbas, se *eiquí* non se recolle o froito da túa petición, non o sentimos, porque con esta lectura, regresamos a Casa, co mantel posto das viandas, ao berce, a lámpada da maxestade, e *eisí*, soas, regresamos ao vivir.



CONTEXTO HISTÓRICO DA REVISTA *TEIMA*

Sara Faro Lubiáns e Isolda Comesaña Alcaraz (2º BAC E)

O emerxer da revista *Teima* debe concibirse na lucidez dun pobo que, ante a morte de Franco (e coa herdanza dun lastre monárquico tras o nomeamento de Juan Carlos I coma sucesor), iniciaría un complexo proceso da transición do réxime ditatorial que asolagara o país nunha penumbra abisal durante corenta anos, até a absoluta instauración dun sistema democrático.

O período comprendido entre 1976 e 1982, corresponde cun tempo de incertidume, coma dumha desinformación masiva que aderezaba o convulso panorama político presentado a nivel nacional: a amortecida dereita, o incipiente auxe nacionalista e a esquerda, coma sempre, incapaz de se coaligar nunha única alianza democrática opositora.

Malia un previo desacordo, o anhelo frustrado dun cambio que garantise un sistema democrático dende a propia regulamentación franquista, reagrupou a oposición na Coordinación Democrática que, aceptando a imposibilidade na aplicación dun procedemento rupturista coma abatemento ao réxime anterior, accedeu a apoiar o ascenso de Adolfo Suárez á presidencia do goberno. En 1976 a concreción legislativa do proceso de desmantelamento ditatorial tomaría corpo na Lei para a Reforma Política,

rexistrándose, en 1977, a celebración das primeiras eleccións democráticas dende a II República.

É preciso matizar que, tal curso na evolución histórica da España, viuse perpetuamente ameazado tanto polas dúas vertentes antagónicas (os sectores inobilistas da extrema dereita, no obstinado intento dun golpe militar ante o xa irrevocábel proceso reformista, e os grupos terroristas de extrema esquerda, coma ETA ou GRAPO) que, alimentándose reciprocamente, atentaban, en maior ou menor medida, contra o devezo ilusionante dun pobo que canso de case medio século de silencio, vociferou a arela do avance; coma pola fonda crise petroleira que sacudira o país no 73, mentres paro e inflación crecían paralelamente. Co fin de estabilizar dita situación, o voto de confianza ás forzas da esquerda, tomaría corpo na firma dos Acordos da Moncloa.

Neste tempo de transición, Galiza permaneceu ausente, illada e dócil espectadora do espectáculo dun inobilismo endémico, que mantivo as elites de corte franquista no poder, pese á renovación electa dos gobernos locais. A única voz nacional que se escoitaba foi a de Fraga desde a Alianza Popular. A realidade política

da nación galega reclamaba a autonomía, cunha inequívoca actividade nacionalista, que revelaba (co nacemento de diversos partidos como o MCG e a presenza dos velhos como a UPG ou o PSG) o sometemento sufrido, nun marco de relacións colonialistas no plano económico, cultural e político, na loita pola autodeterminación. O establecemento do sistema democrático, pois, mantivo as costas viradas a Galiza, que internamente convulsionaban as distintas correntes e movementos obreiros que, ao se veren liberados da censura, se desataran.

O espertar social da negrura da longa noite que fora o réxime franquista verteu sobre o panorama umha efervescencia revolucionaria na que todo era posíbel. Xurdiu en todos os ámbitos culturais a ilusión arrebatada nacida da sensación de liberdade que, porén, sería debidamente sufocada polo poder e a autoridade que cheiraban aínda a ditadura. Nesta axitación popular, fundáronse diversas asociacións culturais en todas as cidades galegas co obxectivo de impulsar e difundir as manifestacións artísticas que xermolaban. A tradición da canción protesta española cristalizou en Galiza en forma de grupos como *Fuxan os ventos*, que abandeiraban a reivindicación do folclore nacional fronte a outra vertente musical que comezou a interesarse máis polo vínculo da Galiza co mundo celta, encarnada en grupos como


Milladoiro. A literatura, na linha rupturista e experimental da *Nova Narrativa Galega*, ampliaba os seus horizontes, e a prensa acadou a impensábel capacidade para falar do que non se falaba. Teima colmou o dezo dos movementos galeguistas de crear un medio de comunicación galego.

Con todo, a potencialidade revolucionaria das novas xeracións xestadas durante a represión franquista e eclosionadas nos anos 70, foi amilanada, en primeiro lugar, co proceso democrático que amnistiara os criminais da ditadura e, posteriormente, canalizada durante os tolos anos 80 a través da permisividade estatal con respecto ás drogas, que acabaron por anular toda posibilidade de concretizar umha sublevación radical e tanxíbel.



BANDA DESEÑADA

Marcos Fraguero Rodríguez (3º ESO C)



BANDA DESEÑADA

Raquel Gabián Cal (3º ESO A)



BANDA DESEÑADA

Uxía Alonso Villar (3º ESO C)



TOLOSCONTOSCURTOS

SEM CRISTO

Isolda Comesaña Alcaraz (2º BAC E)

PREMIO BACHARELATO

A casa não tinha nome.

Não tinha verbas propias. A casa era umha máquina de fíos que a minha avoa gobernaba valéndose dos seus dedos grosos e manchados. Não podía ser concibida sen as súas pisadas do agro sobre as ervinhas húmidas do xardín ou sen a súa presenza inveterada no sofá sobre o que caían aquelas tardes de fim de semana baldías.

Cando morreu, pasear por aqueles corredores orfos volvérase um acto moito máis espantoso como nunca o foi subir ás escuras ao faiado. A escena quedara inmune ao envelhecer, alguém premera o *pause* no leitor VHS que reproduzira tanto tempo de conflito familiar. O plató quedara estancado num instante de ausencia plástica, ou no decorado dumha obra teatral decimonónica que respeitase a unidade aristotélica do tempo, detida numha especie de transição onde as personaxens acabaram de abandonar o proscenio. Só que, em realidade, não se refuxiaram nos camerinos, senão que renunciaram ao auditorio pra sempre. O público, pouco a pouco, co silencio da

submissão imposta, marchara.

Eu nunca soubem moi bem se pertencia ao público ou se formaba parte do elenco. Víame coma un extraterrestre que aterrara num mundo que xa evolucionara sem mim. Fóra dum núcleo familiar que se cadra xamáis existiu. Iso não era familia nem planeta, era um espectro. Umha aranha feita com fíos de saliva, que se estremecía e cambiaba de forma constantemente. Era o cuspe dumha desequilibrada mental.

A ninguém de nós nos correspondía aquela casa. Nunca nos pertencera, assim como ningumha pessoa pertence a outra. Cando ela morreu, aquela velha construção pareceu cubrirse cum velo negro, vestir o luto e facer voto de silencio. Deunos as costas. Eu isto podía perceberlo a través dos olhinhos da Virxe que colgaba na parede do cuarto onde adoitaba durmir cando ía de visita. No tempo em que a minha altura não rebasaba o pequeno valado que servía de mero sinal de advertencia na fronteira cos terreos do vizinho datrás, os medos xurdíam em cada esquina. A medida que ía sumando anos, o

terror fora ficando disseminado em determinadas e concretas localizacións. O cuarto onde durmía era o peor, despois do pánico que se agochaba nas escaleiras que conducían ao rocho. Aquela Virxe observaba todas as minhas noites, á espreita dalgúm mínimo movemento que se convertese automaticamente em pecado mortal. Eu permanecía muito queda, co lençol até o nariz e cumha almofada acompañándome ao meu carón, interpretando o papel da figura salvadora e protectora como sucedáneo do meu pai, que durmía na habitación do lado. A Virxe fitábame con olhada penetrante. Sabía que não era amiga, mais confiaba em que nunca me fixera dano. A minha avoa protexíame. Cando ela morreu, a Virxe estaba chea de carraxe. Notábalho eu. A derradeira noite que pasei alí, o día do enterro, deixouse cair premeditadamente dende o cravo que a penduraba enriba da cama, como cabezal. Á manhã seguinte, abrindo os olhos con parsimonia, sentido o escorregadizo do frío amecendo nos meus pés, atopei aquela olhada de pedra, coa dor flaxelada impresa nela, a culpa dançándolhe nas faccións marmóreas. Cum acto reflexo e cum silencio contido e violento, tapeina coas mantas que me acubilhabam fronte ao frío que campaba por toda parte. O resto da manhã transcorreu de maneira fluída e estranha. O único cambio que eu podía perceber era o empequencemento da casa.

Todo semelhaba ter menos grandiosidade. No entanto, a redución do espaço não interrompía a ausencia que relucía en cada recuncho. Algo inusual ocorría, tan subxacemente que non era quen de reconhecelo. Não podería dizer *a minha avoa está morta*. Era, sinxelamente, a sensación de que ela ía aparecer en calquera intre pola porta, e todo voltaría a reanudarse, a acción continuaría tras darlhe ao *play*.

Mais eu, nós, não estaríamos alí pra o comprobar. Recolhím a minha roupa, gardei algúns contos que levabam nas gavetas do meu cuarto había xa lustros, atirei outros tantos panos de papel enrugados e endurecidos polo seu esquezo na mesinha de noite ao carón da cama onde durmía. Deixei a mochila na entrada, onde estaba a maleta do meu pai, ausente por un instante. Procureino, presa dum desasosego súbito, por ter a repentina conciencia de estar soa numha casa xa alhea. Ele estaba no terraço. O Sol estaba alto, rodeado de pequenas e insignificantes nuvens. O mar acompasaba o seu ritmo coa area, pasiva e anódina. Nada mudara. Abandonamos a casa sen remorsos. Não falamos no curso de tornar aos nosos fogares, mais sei que compartilhábamos a certeza incuestionábel de que voltaríamos. Coma sempre.

TOLOSCONTOSCURTOS

CAERÁS COMIGO

Jimena López Blanco (1º ESO A)

PREMIO 1º CICLO DE ESO

Espertei ás oito e tres minutos da mañá para ir ao colexio. Baixei as escaleiras para ir despertar ao meu irmán maior o cal, como sempre, rosmaba coma un porco. Boteille un vaso de auga por enriba e el maldiciume a berros. Fun ao colexio coma sempre ás 8:45 horas da mañá e ao chegar sabía o que pasaría hoxe. Pegaríanme.

Todos os días un neno cólleme do pescozo e pégame en moitos lugares do corpo como os seos, cara e abdome. Xa estou acostumada. No primeiro descanso cruzamos miradas e el viu correndo cara a min, como de costume. A miña ollada imparcial cabréalle máis porque el só quere verme sufrir. Porén, eu hoxe non me ía deixar pegar e xa está, estaba farta.

Collín o meu lapis afiado do peto e craveillo na man. Maldiciume igual que o meu irmán, o cal tamén estaba presente mais sen me axudar. Acabei con máis negróns dos normais e cos labios ensanguentados mais non estaba doída, de ningunha maneira.

Non fun á clase de galego, a miña mestra estrañaríase ao verme así e non quería a ninguén que se preocupase por min. Unicamente pasei desapercibida no cambio de clase para coller un coitelo que gardaba sempre na mochila.



No segundo descanso fiqui no baño, calada e pechada.

Ás 2:15 horas fun cara á casa. O meu irmán chegou despois e, por primeira vez dende había tempo, abrazoume. Eu deixei-me querer por unha vez e el díxome que eu fora moi valente. Ese día sorrín moito.

Ao seguinte día fun, coitelo en man, saldar contas. No recreo corrín cara a un baño, o meu perseguidor meteuse comigo e, no seu intento de bater en min, o meu coitelo atravesou o seu estómago deixando unha gran hemorraxia que o volveu tolo. Xustamente o seu mellor amigo entrou no aseo e chamou unha ambulancia. Por pena non morreu.

Pasados dous meses, eu volví do centro psiquiátrico e el volveu ao instituto con visibles molestias. Non dubidou en vir a por min mais desta vez pilloume desprevida e

asestoume un golpe que me descolocou totalmente. Arrastroume a unha aula e atoume nunha columna. Agora el levaba un coitelo. Mais neste caso decidiu botalo fóra, pola fiestra. Comezou a falar en latín, lingua que eu estaba a estudar e entendín que ía facer un ritual satánico. Eu non cría nesas bobadas.

Mandou achegarse a un dos seus “amigos” e repentinamente colleuno do pulso e cortoulle as veas coas que fixo un círculo de sangue no chan. Co pescozo fixo a típica estrela satánica no chan.

Eu estaba alucinando. Matara un compañeiro só para facer unha pintada coa que, polo que supuña, quería matarme. Tentei soltarme mais parei cando o escoitei falar latín outra vez. Despois repasou o sangue con gasóleo e prendeuno.

Del, uns segundos despois, apareceu o mesmísimo Satán. Ao principio era sangue e despois unha figura vermella, con cornos, cola e gran lingua: achegouse a min. Agarroume repentinamente e arrastroume cara ao burato. Eu, cun último esforzo, agarrei o culpable desta aparición e arrastreino xunto a min cara ao inframundo chorando pola vida sacrificada e polo meu irmán, o meu querido irmán.



SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

sous les pavés, la plage

Susana Villaverde (1º BAC E)

PREMIO BACHARELATO

jim morreu e con el o mundo laranxa brillante de pam,
dani non tomou máis a sorbona, agora prefire os parlamentos,
tommie e carlos foron marxidados,
janis expirou con e como heroína
os de vietnam foron os de bosnia,
son os de siria,

pero non olvidemos,
por favor, non olvidemos,
aínda que os seus corpos marcharan,
a súa obra é perenne.
os versos que compuxeron seguen vivos,
incítannos:
cortade leña!
prendede lume!
preparádevos para as barricadas!

non perecerá aquel san francisco, tampouco aquel parís,
feneceremos nas fosas ata crear praia baixo as vosas malditas lastras.




SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

POLA TÚA CULPA...

Elsa Bascoy López (3º ESO C)

A miña rosa chea de espiñas,
o meu corazón derrotado,
o meu sol de cor gris
que por ti xa non ilumina.



Tantos versos que che adiquei.
Tanto tempo que perdín,
por ti, meu amor ao lonxe, por ti.

Mil palabras cegas,
versos sen amor,
e isto é pola túa culpa
si, pola túa culpa, meu amor.



As miñas bágoas salgadas e doces,
as miñas pombas sen ás,
isto é por ti
que xa non volverás.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

NON PODE SER

Elsa Lupicki (1º ESO E)


PREMIO 1º CICLO DE ESO

Cada vez que o penso

Véxome moi leda

Teño un carácter positivo

Nunca sinto tristeza



A min gustaríame voar

Ir das Cíes ás Ons sen esperar

Ver a natureza desde o ceo

Pasar as nubes coma un raio

Síntome máxica

Teño o poder de amar

Non necesito variña

Facer boas cousas e regresar



Non me ides crer

Falaredes de soño

Feliz, voar, maxia ... Non pode ser!

Xa estou segura, son un unicornio.

RAPOSOS

Isolda Comesaña Alcaraz (2º BAC E)

Herbal gardaba tras os seus ollos forxados na banalidade do mal un raposo que esfarelaba os fíos do dogma con sorriso baleiro e silente.

Cando Herbal pechaba os ollos
escoitaba os disparos que
reventaban co medo e a vida
(dos Don Pedro
e Josefinas)

Cando puxo o canón
na sala paritoria da súa testa,
o raposo calado olhou para a xanela aberta
dos ollos do pintor
a través da infinita olhada de Herbal.



Transversais, as tres liñas, testemuñas da morte,
acompañaron o parto da pistola,
de cuxo ventre foi expulsada a condena de dous homes
e o berro infinito do raposo.



(Herbal non tinha fiestras
o vento e o berro do mundo
matábanse ante as xanelas ausentes)

Cando os heroes da sublevación degolada
se apreixaron numha ferida inveterada
naquel
tempo
húmido,

Herbal sentiu como o engrama
se cosía nos seus beizos
(acostumados a berrar pola Espanha
morta
en vida).

Sobre o poemario *SE O NOSO AMOR E OS PEIXES SAR ARRIBA ANDASEN*, de Bernardino Graña

Aitana Veloso Quiñoy (2º BAC E)

INTROITO

Non pretendo profanar as verbas do autor cunha reflexión técnica sobre a súa poesía pois, ditos versos chegaron a min coma espidos inmersos na pureza da emoción e misterio.

Revelar o segredo da poesía é un feito imposible. Ela proclámase perante o lector, perante a lectora como unha creación multiperspectivista que escapa da inmundicia da banalidade, pra introducirse na insaciábel busca da lectora interesada, do lector interesado.

Con todo, o autor dos harmoniosos versos, somerxe o ouvinte nun mundo de soños e pesadelos sobre o mar, un concepto case obsesivo na poesía de Bernandiño Graña, quen, cun libro repleto de emoción, obriga a lectora a danzar ao ritmo do amor e do desamor, dicotomía que actúa como motor da súa poesía. Non só dun amor e dun desamor en parella, senón do amor a amizade, ao mundo, do desamor a aqueles que o destrúen.

Mais eu non penso desvelar as claves do entendemento das túas verbas, autor, porque, con certeza, non sexan as correctas.


Eu, a través da túa poesía, tecín a minha propia e, penso que iso abonda pra demostrar a capacidade que a lírica ten de facer un pouco máis humana a existencia dos seres crueis que conformamos o mundo.



“Non quero máis inverno en grises mantos”

Sobre “Miña ventura e loucura”

Liberarnos cedo do non amor
cara un amor que rexeite
a visceral crueldade humana
que agarime as feridas con pureza,
cun tacto tenro,
pra abrir paso ao ardor da aurora
Mais agora ardo, abraso
no meu cuspe atopo sangue e un mundo rudo
E o negror do silencio non permite o navegar ceibe
Pra falar coa pel, pra escoitar co ollar
Emporiso, a minha voz esgaza
na proclama destes versos
Sinto a cobiza de atoparte neste berro baldío
e
Nesta busca perdo a identidade propia
Non son máis ca un corpo enxoito e quedo
ante o sangue do reixeitamento
Mentres por ti ardo, abraso
Nesta irremediábel procura
Como hei falar?
Se non sei nada do amor
contigo.



“Son os que nos guían
e non teñen ollos.”

Sobre : “Os que non aman nen saben de amor”

Reclamo a liberdade de bicar sen temor
de respirar ben preto da pel allea que desexo dentro
moldear cos meus beizos os teus, sen perdón nen consecuencia
coma Rodin a Camille e viceversa, mais sen trágico final.
Aborrezoo o atoparnos diferentes
a sequidade dos nosos corpos
a condición aséptica do novo amor
a consciente tortura irrepimíbel do meu lume
Reclamo a liberdade da natureza non industrializada
a clemencia que permita salvar un planeta en perigo de extinción,
zafado da inmundicia do egoísmo inhumano
Aborrezoo o furacán da máquina que engole o mundo
a loita entre individuos
que irrompe sen permiso con furor e brutalidade
pois a guerra é ganhada polo cruel e desapracíbel
Malia os inicuos da tirana inconsciencia
da noxenta ánima e cargoso corpo
xeraciós que prenden lume aos peixes limpos
ao mar fermoso
Reclamo a liberdade
de facer o amor coas mentes
Reclamo a liberdade
do ledo pobo noso
Pois
Aborrezoo os que ninguén aman
por engaiolaren
as nosas ilusión e soños

MEMORIAS DUN NENO LABREGO

Martín Vicente Fábregas (2º BAC E)

Balbino é un rapaz de aldea, coma quen din, un ninguén.

Mais todos sabemos que é máis ca iso. É un pensador, é un ilustre, é a manifestación da pobreza e miseria do aldeán galego do século XX a través da simpleza dun neno que sabe o que é correcto. Balbino é un bo rapaz.

En *Memorias dun neno labrego* Neira Vilas quixo contar ao mundo como era medrar nun pobo galego nos anos corenta, pero sen facer unha novela autobiográfica. Por iso quixo contar non só a súa historia, senón a historia dunha xeración a través da figura de Balbino.

No libro non se especifica a idade de Balbino, mais non debe superar os doce anos e probabelmente terá máis de sete. Teña a idade que tiver, os pensamentos e reflexións de Balbino son máis profundos que os de moitos dos adultos que o arrodean. Dende a lóxica infantil, este rapaz critica todo o que lle arrodea: as institucións, nomeadamente a igrexa; os costumes, coma o loito que ten que gardar por un tío seu ao non tiña agarimo; ou o sistema mesmo, coma el di: “me afrixe ter que amosstrar cara de risa ó señor, coma se non abundase con darlle a metade do que collemos”. De feito, esta actitude de non submisión podería ser cualificada de conciencia de clase se Balbino tivese ao seu alcance un libro de Karl Marx.

Persoalmente, as desgrazas que viviu Balbino tocáronme a alma.

Non só ten que traballar en condicións extremas sendo un mozo, senón que cada vez que algo ilumina a súa vida, dándolle un toque de dozura, destrúese. Non pode ir ás festas da vila; o seu can Pachín morreu; a súa caixiña de prata foi barrida pola enchenta; Eladia, a mestra que amaba, marchou; o seu padriño morreu; Lelo, o único amigo que tiña, emigrrou coa súa familia a América; perdeu o seu posto de sancristán... E con todo isto,

aínda di que podería ser peor. Baseándose na fábula de Calderón de la Barca sobre o vello que recollía as herbas que outro guindaba, compara a súa vida coa de Andrés do Canteiro, quen ten tres irmáns e o seu pai maltrátaos, a eles e a súa muller. O máis triste é que, aparentemente, toda a aldea o sabe, mais ninguén fai nada.

Balbino é un pensador. Xa dixo que era o primeiro da clase e que incluso cando Elvira enfermou, el substituíuna como profesor. Mais deixou o colexio. Elvira era a súa motivación para estudar e ninguén da aldea incita os nenos a estudar, máis ben é ao revés.

Pregúntome cantos xenios perdeu a humanidade por non animar nenos e nenas a pensar. Xa o dixo O Xudío: “pensar é pecado”. Este home é a única persoa que pensa por si mesmo, o único rebelde e por iso é marxinado. Neira Vilas empregouno coma símbolo de como a sociedade rexeita os intelectuais, aqueles que saen do establecido, coma Balbino, o único que se atreveu a enfrontarse ao sistema guindándolle unha pedra a Manolito, cuspiéndolle ao señor e logo ao seu propio pai.


Por iso Balbino foi desterrado, mais gañou a súa liberdade.





Ana Lomba Rodríguez (2º ESO D)


Pecho os ollos e dispóñome a durmir
De súpeto os pesadelos veñen a por min
Todo está negro
Menos unha luz branca
Corro ata ela
Non consigo atrapala
Moi lonxe vense uns ollos
Que veñen a por min
Empezo a correr
Empezo a fuxir
Atopo unha porta
Xiro o pomo
O único que quero
É saír deste mal soño
Miro para atrás
Os ollos están preto
Abro a porta
Por fin esperto



[TEXTO DO CALIGRAMA]

Enma García Dopazo (2º ESO)

-Nos tempos antigos
non tiñamos nada
nin dereitos, nin traballo
e tampouco palabra.
-Nos tempos que veñen
imos loitar
por un mundo libre
e cheo de igualdade
-Imos pola rúa
vestidas como queiramos
non pedimos aprobación
xa sabemos como imos.
-Temos voz
e tamén opinión
non somos obxectos,
somos a rebelión.



A PORTA DO ATLÁNTICO


Marta Vázquez Sobrado (2º ESO D)

As illas Cíes son gardiás da ría de Vigo.

Nun tempo foron morada de piratas e hoxe eu sorrío porque conservar a súa beleza e natureza converteuse no noso maior desafío.

É unha gran verdade que queremos que sexan patrimonio da humanidade.

Vigo e a súa ría escriben a súa historia unidas, coma unha batea que cultiva o mellor mexillón, coma se latexasen nun mesmo corazón, porque o noso marisco de fama mundial é un bocado descomunal.



PRIMEIRA LEMBRANZA

María Rodríguez Gabeiras (2ºBach D)

A verdade é que teño un pouco borraxeiro o recordo. Acostumabas contarmo ti, mais hai xa un tempo que non escoito a túa voz. Era moi pequeniña e ti collíasme da man e levábasme ali enriba, onde está aquela pedra tan alta cerca da capela, e pasabamos as tardes de verán falando entre conto e conto. Unha tarde negácheste a me leres máis, e fixéchesme rabiarse tanto que tiven que comezar a ler eu.

Custoume, non vou mentir, pois levaba tempo negándome rotundamente a facelo. Na miña clase xa todos sabían ler, agás eu. Se non fose por ti e os teus contos (*O raposo e a águia, A casiña de chocolate...*) quizais ninguén tivera a vontade e a paciencia para comprender a cabeciña daquela nena escondida, que non quería nin comprender nin ler.

A día de hoxe só podo escoitar a túa voz cando penso en cada palabra escrita nas follas.



PRIMEIRA LEMBRANZA

Uxía González Campos (1º ESO E)

As cantigas que me cantaba meu pai polas noites para ficar durmida son as primeiras lembranzas en lingua galega. Todas as noites até non hai moito, meu pai deitábase comigo e, mentres me abrazaba, cantábame moi baixiño pegado á miña orella.

Acórdome coma se fose hoxe das súas letras:
O niño novo que fixo o vento, A cantiga da lavadeira ou Arroró meu neno.

Dende sempre meu pai fala comigo galego, e co meu irmán Xacobe tamén. El sempre di que o galego non se pode perder porque todas as palabras de cariño, todas as apertas e aloumiños da miña familia de Coruxo e a familia da miña nai de Francos de Proendos, en Sober, sempre foron en galego. E non se pode perder tanto amor.

ZZZZZZZZZZ



ASÍ É XURXO

Aroa Pombo González (3ºESO D)

Ola. Probablemente non sexa a mellor escritora do mundo, nin sequera vou contarvos o típico relato dun príncipe que se namora dunha fermosa princesa. Non. Só estou escribindo isto por dous motivos. Dous motivos que moi axiña coñeceredes por vós mesmos.

O meu relato comeza nun colexio nas aforas de Ourense. Era o primeiro día de escola após as vacacións do verán e Xurxo ía cursar segundo de secundaria. Como de costume, chegaron novos alumnos. El era un deles. Era un neno tímido que moitas veces non lograba comprender os chistes ou as frases feitas. Xurxo era asperger.

Podería falarvos do seu mal integramento na escola, das risas que amosaban os seus compañeiros cando se tomaba todo ao pé da letra, ou cando respondía cousas que para eles, coas súas mentes pouco abertas, non tiñan sentido. Porén, para que? Para lamentar a pouca comprensión da clase? A crueldade dalgúns? Négome. Vou falarvos do positivo. Ese curso coñecera a unha rapariga incríbel, Ana. Ela entendíao coma ninguén e nunca se avergoñaba del. Xamais.

-Sabes? Gústame como es, como pensas. O certo é que se todos fósemos iguais aborrecería-adoitaba dicirille Ana e,

maxicamente, as súas palabras facíanlle sentirse mellor. E o sorriso que Xurxo lle amosaba na súa face facía que ela se sentise mellor. A súa era unha relación fermosa, alguén que te quere incondicionalmente amando até os teus defectos e admirando as túas virtudes. Sen lle importar o que poidan opinar os demais.

Onde quero chegar é a que moitas persoas non terían o privilexio de coñecer a Xurxo. Polos seus prexuízos, polos insultos que recibía, polos compañeiros que non se atreverían nin a miralo porque, se non, serían desprezados coma el. Hai que ter forza. Hai que ser valentes e loitar contra a sociedade. Demostrar que ninguén é mellor que ninguén, non merecemos ser xulgados, e aínda menos, se non nos coñecen. Porque non tiveron o privilexio de coñecelo. Porque teñen medo. Porque ser diferente, tal e como Ana lle dicía a Xurxo, é unha virtude.

Pode que este anaco de papel non signifique nada, non teña valor para algúns. Pode que faga reflexionar ou rir, mais o meu obxectivo non é ningún dos nomeados. O motivo principal é esquecer a Xurxo, borralo da miña mente, porque non soporto seguir vivindo coa súa ausencia. Chámome Roxana Leiras, Ana para os meus amigos.

EU NON FUN

ALOIA YI ÁLVAREZ PARADELA (3º ESO A)

Pode que fose un neno mimado. De feito, érao. Mais iso non significaba que fose maleducado, egocéntrico e consentido, como me alumaban na escola. Moitos desexaban ser eu, e eu desexaba ser eles. Dende que nacín, tiven un titor. Miña nai, un alto cargo xudicial, non me podía atender. E aínda menos meu pai, morto como está. Literalmente, digo. Nunca me importou lembrar que meu pai estivese baixo unha pedra, nun monte perdido. Todo isto viña da envexa que tiñan. O ricacho. O neno de papá. Ou de mamá, máis ben. Porque meu pai está morto. Xa o dixen outra vez. Miña nai non estaba moi consternada, aínda tratándose do seu propio marido. Non é que fose insensíbel, era tranquila.

Sabía que algún día morrería e, como me contou no enterro, estaba agradecida de o coñecer. Porén, miña nai dicía que non o dixese, que era tabú. Como, á parte diso, nunca me prohibiu nada, sentíame ben cando o dicía. Coma se fose un rebelde. Un rachador de regras. Tanto o dixen, tanto o cantei, que en menos dun ano, toda a cidade o sabía. Pena e envexa. Iso era o que sentían todos ao verme. Escoitei tantos "síntoo", que podería encher páxinas diso. Sobre todo os meus familiares, "síntoo" en Nadal, "síntoo"

no meu aniversario, "síntoo" en verán e en inverno. Varias veces ao día. Nunca souben por que o dicían. Que culpa tiñan eles? Acaso o mataran?

Nunca o preguntei, porque á idade de catro anos xa sabía que se botarían a chorar. Incluso todos os titores que tiven me dixeron iso. Ben, menos un, porque era mudo. Aínda que fose o típico neno rico, era intelixente e analítico. Non o digo por ser fachendoso, ou se cadra si, no entanto, o caso é que tanto desesperaba os meus titores por non poder ensinarme nada, que aos oito anos miña nai decidiu que non os necesitaba. Tantos e tantos tiven, que sabía falar, escribir, ler e entender varios idiomas, tocar no piano de memoria cancións infantís e varias sonatas, conceptos básicos de matemáticas, medicina, astronomía, bioloxía, física, química, astrofísica, física cuántica, literatura mundial, xeografía, historia xeral, etcétera, etcétera. Tanto tiña no meu cerebro que comecei a esquecer as cousas cotiás. Collera as chaves? Xa comera? Que pasara onte? Así pois, os meus recordos da infancia son difusos, borraxeiros e, en ocasións, nulos. Á parte, tivera algúns problemas coa lei. Non pensedes mal, non foi culpa miña, ou non de todo. Ou se non, non o contaría.

A cousa foi que uns farfalláns, conscientes da miña riqueza (ben, da riqueza da miña nai), queríanme quitar cartos. Mais nese momento non tiña nin un céntimo. E díxenllelo, non me creron e íanme zoupar cando, por puro reflexo, fíxenlle unha chave de karate. Así tan rápido que despois de caer de cu deu unha cambadela e... adiviñades que había? Unha ponte. Parece ser que non sabía nadar. Os seus amigos pensaban que estaba a facer o parvo, e eu tamén, de tanto patexar na auga. A miña solución lóxica era ficar quieto, aboiar e así, deixándose levar pola corrente, chegar a un saínte. Mais non. Afogou.

Os alcumes na escola pasaron de ser "o ricacho", ao "sabichón" e ao "asasino". Non é que o fixese á mantenta, e así llo dixeran ao policía, que parecía máis alterado ca min. Os outros estaban brancos e non podían testemuñar. Os seus pais, dirixíranme olladas de odio profundo. Que menos. No entanto, non o fixera á mantenta. Lexítima defensa, diría eu. O da chave de karate, non o de deixalo afogar. Quizais algún me odie, por ser tan insípido, non o nego. Teño unha especie de problema que é que non podo sentir dor física; analxesia chámase. Pode que vos pareza estupendo, mais non o é en absoluto. Pode ser bo para arrincar moas, mais nunca sabes se estás enfermo. O que é igual a levar

un óso roto e non sentir nada. Talvez, o que máis problemas me dá a nivel social é a falta de emocións. Nada me sorprende. Podes dicirme que morreu o teu can e respondereite cun "Ah" ou un "Pois vale". Non é que non pense antes de falar, nin que sexa maleducado. Non sei moi ben como reaccionar e négome a dicir un "síntoo" porque, dende logo, non matei o teu can. Alén diso, un dos maos hábitos da miña nai é a súa natureza sarcástica e humor negro que poucos entenden. Cousa que herdei dela. Así pois, barallo opcións, descarto as máis irónicas e escollo a máis *light*, que resulta ser un "Ah" do máis completo. Ficarei calado pensando se debería engadir algo máis, e o qué? Un: "Como era o teu can?" Ou un "E ti, estás ben?" Mais, para entón, ti xa terás marchado indignado e chamándome de todo. Sempre pasa.

Unha vez metín a zoca por completo. Un rapaz baixiño e miúdo, estaba a queixarse de min, obviamente, e de que esperaba que non lle contaxiase a miña má sorte. Eu, máis que farto, solteille un: "Uuh, contaxieite" e toqueille a fronte. Achegueime tan a modo por detrás e metéranlle tantas cousas na súa cabeza que levou un susto de morte. Literalmente, digo. Pensamos que se desmaiara, e algúns até riron. Mais cando o médico de garda deu o veredicto, mudoulles

a faciana. Tampouco esta vez foi á mantenta, carafio.

Á mañá seguinte, os seus amiguiños viñeron darme unha malleira e eu deixei, consciente de que aínda que eu non estaba apenado, eles si e, se cadra, conseguía calmalos. Algúns choraban mentres batían en min e, como non producía reacción ningunha, batíanme máis forte. Pensei que debía facer algo ou o seguinte morto sería eu. Así que comecei a queixarme cada vez máis alto. Até que me escoitou un policía que pasaba por alí e... En fin. Cada vez que intentaba arranxar algo, empeorábo, así que empecei a deixar as cousas como estaban. Cando cheguei ao instituto, referíanse a min como "o rapaz que carga mortos ás súas costas" e considerábanme pouco menos ca un asasino en serie. Mesmo os profesores afastábanse de min. Alén disto, atribuían o meu estado de liberdade á miña nai e non ao feito de que non os matase. O terceiro morto do que se me acusou foi máis difícil. Porque era a miña propia nai.

Así é, atoparan a miña nai asasinada no cuarto de baño, deitada no chan, agora vermello. Coa miña má fama e como familiar achegado fun parar, en menos de quince minutos, á comisaría. Como non había testemuños importantes, e do meu non se fiaban, pois non había ningunha proba que

me acusase. Aínda que había moitas persoas que así o querían. Tamén se sospeita de xente que foi enviada á prisión pola miña nai. Ao final, déronme liberdade condicional. Non había ningún parente meu que estivese vivo e me puidese coidar, así que comecei a vivir só ao chegar aos dezaseis anos.

E así, as decisións que tomaba a miña nai comeceinas a tomar eu. Por iso non fixen o bacharelato, porque non o necesitaba. Cos meus amplos coñecementos podería ser un magnífico científico, un incríbel músico ou un profesor de karate. Porén, valorei a idea de ter que me relacionar, así que decidín escribir até despois da morte. E así o fixen, porque o cuarto morto fun eu. E o asasino tamén.



POEMA DO ODIO

Gabriel Vázquez Alonso (1º ESO B)

Odio ver chorar e como as bágoas caen no mar.

Odio saber mentiras e ter que calalas.

Odio chegar ao podio e saber que sentes odio.

Odio saber cousas sobre min que non son verdade.

Odio que te rías del por indefenso estar.

Odio que esteas facendo da súa vida algo fatal.

Odio case todas as cousas en xeral.



CENSURA DA XUNTA NO ENSINO PÚBLICO?

A retirada dunha exposición de poemas escritos polos 67 alumnos de 4.º de ESO do IES Punta Candieira, de Cedeira, suscitou incredulidade e indignación por este «acto de censura» á liberdade de creación dos estudantes. Todo comezou co desenvolvemento dun obradoiro de poesía, promovido desde a biblioteca e dirixido polo recoñecido poeta Carlos Negro. O autor puxo unha única condición ao alumnado: non faltarlle ao respecto a ninguén. O 21 de marzo, Día Mundial da Poesía, inauguraron a exposición, que encheu de poemas a entrada do instituto.

Alguén do claustro do profesorado, non se sabe quen, queixouse porque se sentía ofendido no persoal por algún contido da mostra. A consecuencia foi que o xefe territorial deu orde explícita de retirada inmediata da exposición. O equipo da biblioteca negouse a facelo e pola tarde retiraron á forza todas as obras.

A Consellería de Educación asegurou que non se deu instrución para a retirada da exposición. E engadiu: «Unicamente se puxo en coñecemento da Inspección Educativa a existencia dun texto que fomenta o sentimento de odio, algo que non pode ter cabida nun centro educativo». Todo apunta a que alude a un dos poemas, asinado por varias estudantes do centro e que a seguir reproducimos como xesto de apoio á liberdade creativa e á liberdade de expresión.



POEMA DO ODIO

Alumnas do IES Punta Candieira (Cedeira)

Odio que non me deixen facer as cousas
odio que todo empece por “odio que”
odio os posturos das redes sociais
odio os fachas
odio ter fame
odio os críticos
odio perder o tempo
odio a sociedade na que vivimos
odio a tauromaquia
odio que se me meta o rimel nos ollos
odio a xente hipócrita
odio España
odio que me obriguen a comer
odio a fantasía pintada de rosa
odio a xente que pensa que vive nunha película
odio a xente que intenta ser o que non é
odio odiar tanto o que odio
odio que me metan présa
odio o sarcasmo
odio madrugar
odio os clixés
odio a cor vermella
odio a violencia
odio o acoso.



CONCURSO DE DEDICATORIAS

O ALUMNADO DEBE NAMORARSE... DOS LIBROS

Sarela Meana Castro (2º BAC C)

1º PREMIO

Título do libro:

A ladra de libros, de Markus Zusak

Destinatario/a:

Ángela

Dedicatoria:

Cando unha está acostumada a viaxar entre palabras, non agarda devorar tan axiña cincocentas páxinas e ficar chorando máis tempo do que empregou nelas. Este libro é unha bomba que atravesa o corazón de quen o le, coido que o teu tampouco ficará intacto.



O ALUMNADO DEBE NAMORARSE ...
DOS LIBROS

TÍTULO DO LIBRO:
A ladra de libros, de Markus Zusak

DESTINATARIO/A:
Ángela

DEDICATORIA:
Cando unha está acostumada a viaxar entre palabras, non agarda devorar tan axiña cincocentas páxinas e ficar chorando máis tempo do que empregou nelas. Este libro é unha bomba que atravesa o corazón de quen o le, coido que o teu tampouco ficará intacto.

AUTOR/A: Sarela Meana Castro
CURSO: 2º Bacharelato C

EDLG - LINGUA GALEGA E LITERATURA
IES ALEXANDRE BÓVEDA - VIGO

UNHA TARDE DE PETANCA

Adrián Vilar, Dora Céspedes, Laura pozuelo, Sara López (1º ESO B)

BENITO- (*cun acento coruñés marcado*). Oes, como levas o tema da petanca?

PACO- Ben, agora teño que adestrar para o torneo (*gritando*) IN – TER – NA – CIO - NAL da petanca senior (*levantando o dedo*). Apóstoche corenta pesetas a que che gaño!

BENITO- (*ofendido*) Corenta? Na miña aldea (*fachendoso*) o mínimo eran mil pesetas. Eu dígoche cinco mil pesetas!

PACO- (*tatexando*) Ben, pois... empecemos...

BENITO- (*gritando*) Dolores! Trae para acá a petanca!

DOLORES- (*gritando*) Cagho no mundo, Benito, si que estás exigente!

GREGORIA- (*comendo pipas*) Paquiño, como perdas mañá non hai cocido (*Benito bota a bóla pequena e, a seguir, bota a grande. Despois xoga Paco, facendo un pésimo tiro*).

PACO- (*senalando*) Mira, un coche amarelo!

BENITO- Onde? (*deixando de ollar a petanca*) Eu non o vexo!

DOLORES- Eu tampouco o miro! (*fálalle baixo a Gregoria*) Móvelle a bóla ao meu marido que é un trapalleiro e así gaña o teu (*facendo un corte de manga coma unha cana de pescar*).

GREGORIA- (*falándolle baixo para que non escoiten os homes*) Ai, si, que me apetece moito un cocidiño (*móvelle a bóla co pé*).

BENITO- Oes, non me toques as bólas!

PACO- A min gústame gañar sen trampas, Gregoria! A que vai quedar sen cocido es ti!

GREGORIA- Pois a ver quen o fai!

DOLORES- Fágocho eu, filliño.


GREGORIA- Que traizón é esta? Se me deches ti a idea!

BENITO- Non será verdade, Dolores? (*arqueando unha cella*)

DOLORES- Ai, Benito, é que ultimamente estás moi trapalleiro.

PACO- Pois si que saía ben a partida... (*tocando o ombro a Benito*). Imos gastar as dez mil pesetas nun cocidiño de calidade!

BENITO- Paréceme boa idea! (*mirando as mulleres*) Non vos preocupedes, deixaremosvos os ósos! (*vanse Benito e Paco andando*)



TEST DE XUBILACIÓN

Iago Feijóo e Carla Freiría (3º ESO A)

- 1) *Por que decidiches ser profesor? Foi a túa primeira opción laboral?*
- 2) *Que fixeches antes de chegar ao IES Alexandre Bóveda?*
- 3) *Fai unha reflexión xeral da túa carreira como profesor.*
- 4) *Que anécdota ou lembranza gardas con agarimo?*
- 5) *Que diferenzas atopas entre os estudantes de hoxe en día fronte ao estudante que eras ti en secundaria?*

SUSO SALGADO (Departamento de Xeografía e Historia)

- 1) A verdade é que non o sei. A vida foime levando a ese terreo e estou contento de ter elixido a carreira de mestre.
- 2) Xusto antes traballei varios anos no IES Manuel Antonio. E antes traballei en varias escolas do Baixo Miño, en Moaña , no Salnés... Pero o meu primeiro traballo foi no colexio Público das Neves.
- 3) Resultoume grato o trato co alumnado. Tentei que os alumnos aprendesen algo e pensando neles como persoas que se están formando. Non soportaría a miña profesión se non fose polo uso do sentido do humor. Creo que tiven sorte, que eles entenderon o meu humor.
- 4) Un neno de 4 anos que non pronunciaba ben os eses chamábame Don Tuto.
- 5) Cando eu estudaba en secundaria, aínda vivía o Xeneral Franco. Era inconcibíbel que un alumno lle contestase a un profesor. Agora hai máis naturalidade entre profes e alumnos

SARA GONZÁLEZ (Departamento de Inglés)

- 1) Un verán sendo moza, cando aínda estaba a estudar bacharelato, algunha familia do barrio onde moraba pedíume que lle dera clase aos seus rapaces para recuperar os suspensos cara a setembro. Aceptei e gustoume. Foi algo ao que adiquei as vacacións dende aquela.
- 2) Ao rematar a carreira, anoteime nas listaxes para facer substitucións en centros de secundaria. O meu primeiro destino foi nun centro de FP de Xinzo da Limia, de onde gardo unha lembranza moi especial. Algún alumnado viña de lonxe (até 20 km) naqueles meses de inverno con néboas e temperaturas moi baixas. Estiven o curso seguinte na capital da nosa provincia. A continuación traballei seis anos nun centro tamén de FP na vila de Pontearreas. E dende aquí o meu destino xa foi Vigo.

- 3) Penso que desempeñamos unha profesión que pode chegar a ser apaixonante. Trátase, por unha banda, dun traballo colectivo onde cabe a posibilidade do traballo en equipo e, por outra, dun labor onde a comunicación entre docente e aprendiz xoga un papel esencial, o que supón un reto. É moi estimulante comprobar como algún alumno/a progresa e amosa interese polo que o docente tenta transmitir. Ver o progreso e a superación dos chanzos de que se compón o curso escolar achega unha grande alegría. Tamén é certo que non é difícil recibir decepcións de cando en vez, aínda que o que un lembra máis frecuentemente son os bos momentos e os agarimos do alumnado.
- 4) Nunha ocasión unha amiga xaponesa, coa que me comunicaba en inglés, acompañoume ao instituto. Un dos alumnos máis pequenos parouse ao sentir a nosa conversa e exclamou: "Profe, como lle pegas ao xaponés !!"
- 5) O alumnado no meu tempo gardabamos máis as formas na aula e mantiñamos máis distancia co profesorado.



Reformados



DÍA DAS ARTES GALEGAS (1 de abril)

LUÍS SEOANE: ARTISTA TOTAL

Luís Seoane nace en Bos Aires o 1 de xuño de 1910, fillo de emigrantes galegos que retornan a Galiza en 1916, primeiro á cidade da Coruña e logo a Santiago, onde estudará Dereito e se integrará nos círculos culturais e artísticos que guiaban o camiño á renovación en Galiza, e onde fai as súas primeiras exposicións de debuxos e augadas.

En Santiago participa activamente no movemento estudantil e político en favor da República e a proclamación dun Estatuto de Autonomía para Galiza. Alí frecuenta os faladoiros de intelectuais e artistas nos cafés, e moi especialmente o da imprenta da Editorial Nós de Ánxel Casal, o “mártir do libro galego”, co que realiza a súas primeiras composicións gráficas. Nesta primeira etapa de formación coñece os movementos estéticos das vangardas.

A súa actividade política fai que 1936 teña que regresar a Bos Aires como exiliado, onde continúa o seu traballo en xornais como debuxante e como pintor. Publica o seu primeiro álbum de debuxos editado, *Trece estampas da traizón*. Deseguido, funda e dirixe con Xosé Núñez Búa o seu primeiro semanario, *Galicia libre*, en 1937, e en 1939 é nomeado director da revista *Galicia* do Centro Galego de Bos Aires.

Seoane participará en medios de comunicación toda a súa vida como colaborador, diagramador, director ou como fundador de cabeceiras, como *Galicia Emigrante*, da que foi promotor, editor e director entre 1954 e 1959, e que tiña un espazo correspondente na radio que se emitía semanalmente até 1971.

En 1939 comeza a súa colaboración coa Editorial Losada, á que seguirán outras editoriais, e en 1940 con Arturo Cuadrado crea e dirixe as coleccións de temas e autores galegos Dorna e Hórreo da Editorial Emecé. En 1942 funda con Arturo Cuadrado a Editorial Nova, á que segue en 1947 Botella al Mar, que publicou as primeiras obras de moitos autores arxentinos e cuxos deseños constitúen en conxunto unha das obras máis emblemáticas do deseño gráfico de Luis Seoane e da industria editorial galega e arxentina.

Con Galiza en mente, crea a editorial Citania en 1957. O coidado de Ediciones Galicia da Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires, as Edicións Cuco-Rei, o labor xunto a Isaac Díaz Pardo en Edicións do Castro, e en definitiva todo o traballo de Luís Seoane relacionado co continente e os contidos da industria do libro colócanlle como figura principal na historia da edición.

En 1944 publica o álbum *Homenaje a la Torre de Hércules*, cuxa repercusión supón un punto de inflexión na súa carreira ao ser seleccionado polo American Institute of Graphic Arts e a Pierpont Morgan Library como un dos 10 mellores libros editados no mundo entre 1935 e 1945. Destaca na produción de álbumes e libros de debuxos e gravados durante toda a súa traxectoria, sendo un dos principais renovadores e expoñentes da gráfica no seu século. Introduce o collage no gravado en madeira a partir de 1958, e os seus carteis de Cinzano e Otard Dupuy considéranse segundo el os primeiros afiches publicitarios abstractos da Arxentina. Expuxo óleos en mostras individuais en Bos Aires e outras cidades americanas e europeas.

En 1962 outórganlle o Premio Palanza da Academia Nacional de Belas Artes Arxentina, a máxima distinción. Antes tiña recibido a medalla de prata na Exposición Universal de Bruxelas de 1958. A súa pintura foi evolucionando desde uns presupostos máis líricos cara a vontade de crise e a ordenación a través da relación de formas e a construción a través da cor, acadando unha linguaxe propia moi persoal. Realiza tamén preto de cincuenta murais principalmente en Bos Aires, nos que destaca o acento gráfico da súa pintura e ensaia novos materiais.

En 1968 a Academia Nacional de Belas Artes de Arxentina escolle a Luís Seoane como


membro de número. Ale diso, Seoane foi autor de obras literarias en lingua galega como os poemarios *Fardel de eisilado*, *Na brétema*, *Sant-Iago*, *As cicatrices* e *A maior abundamento*, calificados de “poesía social”. Representou a Arxentina en numerosas ocasións, como na Bienal de Venecia de 1956, e realizou mostras individuais e colectivas en América e Europa. En Alemaña e Suiza destacou no gravado, e tivo interese sempre en coñecer de primeira man o patrimonio artístico de cada lugar.

Desde os anos 60 pasa tempadas en Galiza instalándose con Isaac Díaz Pardo e a súa familia n’ O Castro, onde Isaac lle prepara un estudio e desenvolve con el unha das ideas máis xeniais da cultura do século XX galego coa creación do Laboratorio de Formas, que nace para impulsar o desenvolvemento cultural de Galiza e do que parten unha renacida Fábrica de Sargadelos e o Museo Carlos Maside en 1970.

O museo será a culminación dun propósito sobre o que circulaba toda a súa produción, a reconstrución da historia da arte galega desde o movemento renovador das primeiras décadas do século XX, cuxo discurso vírse interrompido pola guerra. Concibido como unha verdadeira institución da arte contemporánea, aspiraba a ser un centro de información sobre as ideas estéticas de Galiza e a difusión dentro dela dos movementos universais da arte.

Pintor, deseñador, editor, gravador, escritor, promotor cultural. Luis Seoane é un dos artistas máis completos de Galiza e o primeiro en decantarse decididamente por diferentes medios de expresión dunha maneira aberta e contemporánea.

Falece na súa casa da Coruña, onde tiña previsto o seu regreso definitivo, o 5 de abril de 1979.



MULLERES NA HISTORIA. Identifica a súa foto na contraportada.

Ada Lovelace	Irena Sendler	Mileva Maric
Agnodice	Isadora Duncan	Miren Etxezarreta
Aleksandra Kollontai	Josephine Nambooze	Nadia Comaneci
Alex Morgan	Katherine Johnson	Nathalie Portland
Aly Raismen	Katherine Switzer	Nazokat Begmatova
Amanda Sampedro	Kathryn Bigelow	Nina Karlovna Bari
Aretha Franklin	Leonora Carrington	Nina Simone
Begoña Fernández	Lisa Meitner	Rosa Regás
Benazir Bhutto	Louise Bourgeois	Rosalía de Castro
Berta Cáceres	Lupita Hard	Rosalind Franklin
Carolina Marín	Mara Santos	Sahle-Work Zewde
Cassandra Claire	Margaret Hamilton	Sally Ride
Clara Campoamor	Margaret Keane	Samar Samir
Cleopatra	Margaret Sanger	Segoine Seguin
Coco Chanel	Margaret Thatcher	Serena Williams
Dian Fossey	María Montessori	Sés
Elinor Ostrom	Maria Pierrete Anne Paulze	Simone de Beauvoir
Emily Brönte	Maria Pita	Susan Kare
Emily Wilding Davidson	María Reimóndez	Susana Anthony
Fabiola Gianotti	María Sharàpova	Teresa Perales
Freya Stark	Marie Curie	Valentina Tereshkova
Frida Khalo	Maruja Mallo	Waangari Maathai
Heidi Lamar	Mary Anning	Wendy Carlos
Henrietta Swan Leawitt	Mary Douglas Leakey	
Hipatia	Mary Wollstonecraft	

OBXECTIVOS DO ALUMNADO

ENCHENTA GALEGA

1. Dinamizar o uso activo da lingua a través de intervencións consensuadas co grupo.
2. Normalizar o uso da lingua nos cartaces do centro, tanto na aula como nos corredores e entrada.
3. Recibir sempre a información de actividades extraescolares na nosa lingua.
4. Estender o uso do galego nas notas particulares de cada estudante: axenda, horario de curso, lembranza de tarefas, data no encerado...
5. Realizar as comunicacións dos delegados e delegadas de curso en galego.
6. Tentar estender o uso oral nas conversas informais entre o alumnado.
7. Falar co profesorado sempre en galego.
8. Realizar os escritos de demandas ao Grupo Directivo na nosa lingua.
9. Falar en galego nas reunións onde o alumnado teña representación: os delegados co Grupo Directivo, nas reunións do Consello Escolar...
10. Fomentar o uso da nosa lingua no móbil e nas redes sociais. Instalar no móbil o dicionario da RAG e o de Porto Editora.
11. Realizar a revista do centro *O Besbello Saltón*.
12. Realizar programas de radio para publicar nun blog do instituto, creado *ad hoc*, ou como *podcast* na web do centro.
13. Creación dunha plataforma dixital propia (blog, páxina web) para o desenvolvemento de contidos de lecer en galego.
14. Crear público para o teatro en galego.
15. Desenvolver accións a prol da igualdade e contra o acoso escolar.

LATEXO

Fonso Piñeiro

VIGO coma labirinto de pedra,
enguedelladas rúas,
encrucilladas,
dúbidas,
pegadas que van construindo unha traxedia,
a que levamos dentro sen decatarnos.

VIGO coma espiral a ningures.
Fuxo cara á fronteira descoñecida,
e achégome ledos,
mentres camiño (case corro)
sabendo que non poderei
ficar
á outra banda.

VIGO coma recuncho agachado
e escuro,
onde teremos unha vida
sen remorsos
porque desenlearemos
os nós dos nosos corpos
e posuiremos a forma do degoro.

VIGO coma trampa perfecta,
pra caer no profundo sentimento que
pousa
no devalo da existencia,
onde cada intre se albisca
fuxidío,
coma sombras nun pesadelo.

VIGO, semente de loita.
VIGO, cidade salgada.
VIGO, ribeira senlleira.
VIGO, latexo eterno dos meus pensamentos.





MULLERES NA HISTORIA